

Ser ~ parecer ~ facerse de Angrois. Relacións de clase e caducidade fraseolóxica en estereotipos de ignorancia e indiferenza

'To be ~ to seem ~ to feign to be from Angrois'. Class relations and phraseological expiry in stereotypes of ignorance and indifference

Xesús Ferro Ruibal ¹

Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Santiago de Compostela

Resumo: Análise sociocéntrica de fraseoloxismos galegos e doutras nove linguas cos que os falantes denigran os membros doutros 55 grupos sociais de menor nivel económico (rurais, periféricos ou inmigrantes) definíndoos como parvos, como insolidarios ou como persoas que se desentenden das súas responsabilidades. Este tipo de fraseoloxismos expresan e executan verdadeiras relacións de clase. O exemplo de partida (Angrois, Santiago de Compostela) revela que unha acción colectiva heroica e de alto valor ético (24.7.2013) pode cambiar radicalmente en poucos días a semántica dunha locución. Isto demostra que a fixación pode manter contidos que xa resultan inmotivados ou falsos; pero tamén que esa fixación ten data de caducidade. Poucas veces, coma neste caso, é posible comprobalo.

Palabras clave: fraseoloxía galega, sociocentrismo, locucións denigratorias, cambio semántico.

Abstract: Sociocentric analysis of phraseologisms in Galician, and in other nine languages, used by speakers to denigrate members of other 55 social groups of lower economic status (from rural areas, from the periphery or immigrants), defining them as stupid, unsupportive, or as people who avoid their responsibilities. These phraseologisms express and establish real class relations. The initial example (Angrois, Santiago de Compostela) reveals how a collective heroic and highly ethical action (24.7.2013) can radically change in a few days the semantics of an idiom. This shows that phraseological fixation can keep contents which already seem to be motiveless or false; but it shows as well that this fixation has an expiry date. It is very seldom possible, as in this case, to confirm it.

Keywords: Galician phraseology, sociocentrism, denigrating idioms, semantic change.

Data de recepción 31.08.2013. Data de aceptación 3.10.2013.

¹ Este artigo de urxencia sería irrealizable se ilustres amigos e amigas non me acudisen con informacións preciosas (nalgún caso mesmo de linguas que non coñezo, como o alemán ou o grego moderno). A todos eles e elas vai a miña expresa gratitude.

Este artigo de urxencia pretende ser unha reivindicación do bo nome de Angrois e de tódolos lugares do mundo ós que a petulancia urbana ou metropolitana lles coloca, coma a Angrois, epítetos denigratorios de modo arbitrario, que o uso conserva por simple rutina. Certos fraseoloxismos testemuñan ou establecen relacións de clase social. Aínda que aquí só se amenten 55 lugares denigrados, o fenómeno podería ser universal; podería ser un *widespread idiom* deses que con tanta erudición estuda Elisabeth Piirainen ². Quero dicir tamén que no caso de Angrois asistimos en xullo de 2013 a unha redención repentina, porque o comportamento de altísimo valor ético dos veciños de Angrois puxo á luz a arbitrariedade e iniquidade destes fraseoloxismos, destruíu en poucas horas a fixación ancestral e converteu os denigrados en admirados. Todo isto é unha acelerada mutación fraseolóxica, á que poucas veces é posible asistir en tan curto período de tempo, e xustifica esta nota de urxencia.

A fraseoloxía non sempre é visión especialmente perspicaz, fantástica e creativa da realidade; non todo nela é ameno. No que chamamos motivación fraseolóxica hai tamén a súa dose de crueldade; hai aspectos algo tenebrosos. O sociocentrismo, concepto acuñado por Caro Baroja (1990: 277-306) ³, que consiste en crer que un grupo humano é o máis digno de terse en conta, morde noutros seres humanos e fainos sufrir. Miguel Herrero xa analizou en 1922 como vilipendia a literatura culta castelá do século de ouro a case tódolos pobos da península ibérica (Herrero 1922-1966) ⁴. A fraseoloxía, por veces, tamén é crueldade refinada coa que o falante busca reequilibra-la súa psique e compensa-las súas frustracións; e conségueo cando encontra (ou fabrica) alguén a quen sentirse superior. Hai quen di que o éxito dos pallasos radica en que se presentan como inxenuos e parvos ⁵ e isto ó espectador permítelle rir porque se sente superior ó pallaso. É o que outros chaman *a síndrome do "último mono"*, que se dá xa nos animais: ter alguén detrás fai que un se sinta importante e, por iso, non é raro que, canto máis brután ou acomplegado é alguén, con máis virulencia busca o seu último mono. Velaí unha raíz antropolóxico-biolóxico. Pero hai tamén, como veremos, a necesidade de defini-lo que é o propio grupo por contraste cun *grupo de referencia negativo*, terminoloxía que prefere Marcial Gondar e que tamén veremos na epígrafe 5.1.

² [<http://www.widespread-idioms.uni-trier.de/?p=umfragen&lang=en>].

³ Ángel Iglesias Ovejero e os seus colaboradores da revista P.R.O.H.E.M.I.O. teñen dende o inicio unha clara inclinación por esta análise dos materiais de tradición oral. É, para min, o enfoque máis humano de todo este noso traballo. Modélico o seu recente libro *Blasones populares de Ciudad Rodrigo y su antiguo partido en prosa y verso* (IGLESIAS 2013).

⁴ Cito pola edición de 1966. Este libro suscitou diferentes extractos (máis ou menos ampliados) do capítulo referido ós galegos (Teijeiro Fuentes 1996: 203-246; Caramés Martínez: 1993). Pero non esgotou o tema, porque xa en 1954 publicara Taboada Chivite datos complementarios (Taboada 1954: 105-127) e sobre todo porque datos inéditos foinos sacando á luz José Luís Pensado Tomé en breves ensaios que viron a luz no xornal La Voz de Galicia e que despois formaron dous volumes (Pensado 1985 e Pensado 1991) e deixou preparado un terceiro volume aínda inédito. Diferente é a tese subxacente na literatura popular e na fraseoloxía: para o binomio galego - castelán véxase Barreiro (2003-2007); para o binomio galego - portugués véxase Grygierzec-Ferro (2009).

⁵ Prescindo doutros significados negativos, como a careza de personalidade que se expresa coa palabra composta *remendafoles*. Tal é o que en Coristanco din da aldea veciña de Baldaio (en San Mamede de Andoio, Tordoia): *Aldeña de Baldaio, / aldea de poucos homes, / a aqueles poucos que quedan / chámannelle remendafoles*. Lémbrame esta cantiga, moi ó caso, Ramón Lorenzo.

Pero a fraseoloxía é interacción; e a mordida do tópico non sempre é inocua para a parte vilipendiada, porque moitas veces ten dous efectos. Primeiro, o aludido séntese mal ⁶. Segundo, o aludido interioriza esa opinión e convéncese de que é un ser inferior ou, polo menos, irremediabilmente inferiorizado ⁷, de xeito que, por veces, o que encontramos é unha fórmula que anima a non ser dun lugar co valor de non ser tímido, retraído, cocón e anima a ser valente.

No concello de Tomiño, do que forma parte esta parroquia de San Salvador de Tebra, corría a fórmula ¡Non sexas de Tebra! para animar a non ser tímido, non ser retraído, para subliñar inferioridade ou situacións un tanto escasamente mundanas ⁸.

Velaí a relación de clase, que non sempre o vilipendiado dá subvertido. Poucas veces hai un terceiro efecto: o inferiorizado rebélase e demostra que está ó mesmo ou superior nivel: neste artigo veremos algúns casos (3.7. e 6.3.2.-6.3.3).

1. Angrois na fraseoloxía galega

1.1 *Ser de Angrois ~ parecer de Angrois*

Angrois, aldea ⁹ situada nun alto, a escasos 2 km da muralla medieval de Santiago de Compostela, non se ve dende a cidade porque está detrás dun couto, mirando ó sur, e ó pé dun castro. Forma parte da parroquia extramuros de Sar (igreja románica de columnas espectacularmente inclinadas) e a súa existencia xa se fai constar nun documento de 1147 do rei Afonso VII (precisamente o esposo de Berenguela). Que estea ó pé dun castro indica que Angrois é núcleo de existencia bimilenaria e por Angrois entra un dos camiños medievais que vindo do sur chegan a Santiago ¹⁰.

Estas características (lugar alto, pero que non se ve dende a cidade, de economía rural de subsistencia) conforman o substrato no que nas cidades adoitan nace-los estereotipos

⁶ Os galegos non nos sentimos a gusto cos chistes de galegos en Arxentina, como direi en 2.2.10.

⁷ *Tense dito, por exemplo, que o tópico (fabricado por Hollywood con certos personaxes de Marilyn Monroe) da "roxa parva" ten ese efecto humillante nalgunhas mulleres que teñen o pelo da cor do ouro.*

⁸ Información de Xosé Luís Franco Grande, precisamente de Tebra.

⁹ O lector non galego debe saber que nos 29.574 km² que ocupa Galicia a poboación non se concentra (coma en xeral en España) en cidades ou *pueblos*, senón que, ademais das cidades ou vilas ("pueblos") existen unhas 36.000 aldeas diseminadas, que se agrupan, mesmo civilmente, en 3.778 parroquias; e estas en 314 concellos (municipios) e 4 provincias. O núcleo primario en Galicia é a aldea e o segundo é a parroquia: o municipio é o terceiro. Nisto a asimetría co resto de España é intensa. Só nas cidades a parroquia é un referente secundario en simetría co resto de España. O lector deberá ter isto en conta porque *aldea* e *parroquia* teñen en Galicia (e neste artigo) unha funcionalidade e unha significación moi específica. E case sempre os lugares galegos que cito neste artigo son lugares de nivel inferior ó municipal (unha parroquia ou, como é o caso de Angrois, unha aldea). Este dato é significativo porque espella o diferente rango social de quen di (a cidade ou a vila, sempre capital municipal) e de quen se di (normalmente unha parroquia rural ou unha aldea). No caso que nos ocupa, Santiago (cidade e capital de Galicia) di ou dicía despectivamente *ser de Angrois* (que é unha aldea, un núcleo rural), marcando así coa palabra relacións de clase.

¹⁰ Pode verse a información que a Wikipedia ofrece sobre este lugar da parroquia de Sar [http://gl.wikipedia.org/wiki/Angrois,_Sar,_Santiago_de_Compostela], que ten unha igrexa románica de columnas tan inclinadas coma a Torre de Pisa.

de grupo humano que a cidade considera atrasado por non participar do ritmo urbano e que non se emociona polas cousas que emocionan os urbanitas. Observación esencial: a cidade nomea e cualifica; a aldea ou parroquia rural é nomeada e cualificada. Imos ver que certos fraseoloxismos expresan e executan relacións de clase.

Así naceu a locución *ser de Angrois* que significa “ser incapaz de entender, ser pouco intelixente, ser parvo”.

Unha variante, posiblemente nacida desta, é *parecer de Angrois* que significa “dar mostras de incompreensión dun asunto importante ou de indiferenza”. Esténdese, polo menos, ata 45 km de Santiago de Compostela ¹¹. Pero constatei que hai uns corenta anos corría en Vilanova de Arousa (a 57 km), en Melide ¹² (a 56 km) e en Ferrol (a 93 km) ¹³.

A outra variante, posiblemente nacida da anterior, *facerse de Angrois* significa “facerse o parvo; finxir non entender; manterse á marxe e adoptar unha actitude indiferente ou insolidaria ante un asunto que ós demais (os urbanitas) lles resulta palpitante ou non asumir responsabilidades en asuntos comúns”.

O *Diccionario enciclopédico gallego-castellano* de Eladio Rodríguez González, publicado postumamente entre 1958-1961, dálle entrada propia ó topónimo *Angrois* pola presenza na fraseoloxía galega. Di así:

ANGROIS. *Nombre de una aldea próxima a la ciudad de Santiago, que ha dado lugar a la formación de varias frases y locuciones muy gallegas, fundadas en un supuesto pueblo imaginario de habitantes rudos.*

¿Coidas que son de Angrois?, ¿crees que soy tonto y me engañas?

Non veño de Angrois, y también non vimos de Angrois, dícenlo aqueles que no quieren pasar plaza de cándidos, de inocentes o de pouco avisados.

Parece que vés de Angrois, se dice al que da señales de estar abobado o de tener corto entendimiento.

¿Seica somos de Angrois, ou qué?, suele objetarlo el que cree que lo toman por inexperto o por torpe ¹⁴.

O que non di Eladio Rodríguez pero din algúns dos meus informantes é que a difusión dos ditos de Angrois por boa parte de Galicia podería deberse a que os levaban consigo

¹¹ “Eu si oín a frase despectiva *pareces de Angrois*. Dixéronllo á miña muller nunha xoiería da vila coruñesa onde vivimos, situada a 45 quilómetros de Santiago, haberá uns catro ou cinco anos. A “señora” que llo dixó, que era a propietaria do establecemento, parecéunos moi bruta, aínda que polo seu tono non especialmente agresiva; cando a vexo pola rúa sempre me acordo daquel seu dito e dende agora moito máis; o meu pensamento e o meu abrazo agarimoso para todos eses defuntiños e as súas familias”. [<http://perfectoconde.blogspot.com.es/2013/07/os-de-angrois.html>]. [Data de consulta: 31.7.2013].

¹² Aquí tería o significado de “parecer bruto, ignorante” e o informante di que era frase que os estudantes de Santiago traían consigo.

¹³ Información de Luís Alonso Girgado.

¹⁴ Véxase a glosa de Marina Mayoral.

os mozos e mozas que viñan estudar a Santiago, ou ó seminario ou á universidade (aínda que falta, en cambio, en moitos outros sitios, coma tal Lugo).

1.2 *Facerse de Angrois*: silencio estratéxico + inhibición

Facerse de Angrois é unha locución de uso local pero que expresa un asunto importante da psicoloxía social en Galicia e que, como tal, ten graos. O primeiro é o que podemos chamar **silencio estratéxico**. O silencio é un elemento moi elocuente da comunicación dos galegos. Por un atavismo secular (debido quizais a que a historia nos fixo un pobo que vive á defensiva), en calquera diálogo nós tendemos a adiviñar sempre a motivación e a intención das preguntas que nos fan. Hai xente non galega que se sorprende pero a nós resúltanos pertinente, imprescindible e mesmo un aforro de tempo. Non é que non nos interese a pregunta: é que por veces sabemos anticipadamente que ó interlocutor non lle interesa a nosa resposta. Así que, sempre que percibimos que, por un motivo ou outro, a nosa resposta vai ter un resultado nulo, porque a pregunta é malintencionada ou porque calquera resposta non conduce a nada, tendemos a calar. Deste silencio estratéxico imos ver un claro exemplo bíblico en 4.4. Iso é *facerse de Angrois*: unha maneira de economizar tempo e palabras. Aínda que poida parecer un paradoxo, o silencio estratéxico tamén se realiza respondendo cunha fórmula refinada: *Por un lado, ti xa ves; e, por outro ¿qué queres que che diga?*

Só, cando non temos certeza da nosa propia impresión, afrontamos directamente a posible trampa dialéctica preguntando de forma explícita *¿E por que mo pregunta(s)?* Máis directo non se pode ser. Sabemos que esta práctica dialéctica existe nalgún outro pobo rural do mundo.

Facerse de Angrois ten como primeira acepción ese silencio estratéxico.

O segundo grao ou acepción de *facerse de Angrois* expresa verdadeira indiferenza: inhibirse. Isto é común a calquera sociedade, rural ou urbana: o falante desenténdese de algo ou finxe que non entende o que lle din para non se comprometer ou para non asumir responsabilidades. Vicente Llópiz nun refraneiro inédito que podemos datar en 1954 recolle este refrán no seu capítulo de *Ferías* (257 a): *O bon vendedor faise de Angrois*. Polo tanto, neste segundo grao *facerse de Angrois* equivale a *facerse de fóra*, e é sinónimo de *cruzarse de brazos*; *encolle-los ombreiros*; *entrarlle [algo] por unha orella e saírlle pola outra*; *oír [algo] coma se cantara un carro*; *darlle a un igual rodas arriba que rodas abaixo*; *nin irlle nin virlle* [algo a alguén]. En definitiva, indiferenza: a malicia disfrázase de ignorancia, porque a ignorancia, por veces, é de proveito.

Esta indiferenza pode verbalizarse en fórmulas coma *¡Éntrame por un oído e saéme polo outro!* Pero o desentendemento máis eficaz é o silencio; silencio tamén estratéxico.

1.3 Gradación e matices de uso das locucións de Angrois

Como se ve, existe unha gradación semántica nestas tres locucións denigratorias: a) *ser de*: incapacidade permanente (e tribal) de comprensión, é dicir, ser veciño dun lugar no que habitan persoas de poucas luces; b) *parecer de*: puntual indiferenza ou

incomprensión; c) *facerse de*: desconexión voluntaria que pode ser xustificada, neutra ou insolidaria.

Supoño que esta é a dirección da gradación, porque *parecer de Angrois* implica a preexistencia de *ser de Angrois* cun significado negativo; e, sobre todo, porque *facerse de Angrois* xa é unha simulación intelixente, finxindo unha torpeza que non existe para conseguir un resultado positivo. É pura renartería: pero a renartería implica que a torpeza está na base semántica de *ser de Angrois*, do mesmo xeito que en portugués *fazer-se saloio* (“facerse parvo”) (Simões - Teletin 2011: 352) implica que a estima social do aldeán ou labrego (*saloio*¹⁵) *non é precisamente moi alta. Hai un refrán que di: Faite o parvo, está calado, e terás moito logrado*. Recólleo Moreiras Santiso e coméntao con outro refrán paralelo: Aconsella a discreción, pois “*O parvo, si é calado, pasa por ben asisado*”. El mesmo recolle isto, que máis ben parece fórmula, *Fágome o bobo e como de todo*; e fai este comentario: “Dise do que fai a vista gorda e vai somentes ás súas comenencias” (Moreiras 1977: 56 e 173).

Pola contra, a expresión *¡Non veño de Angrois!*, segundo Eladio Rodríguez, é frase coa que o falante advirte ó interlocutor de que el non é parvo nin inxenuo (1,173). Claro: isto implica que *ser de Angrois* ou *vir de Angrois* significa “ser pouco intelixente ou practica-la indiferenza”. Máis ou menos iso era o que significaba na miña adolescencia en Compostela.

Eu, que vivín en Compostela entre 1948 e 1965, dou fe de que estes tres valores, maiormente o primeiro e o segundo, estaban vivos, aínda que (detalle non menor) sempre se usaban referidas a persoas que non eran de Angrois. Eran *un dicir*, unha frase figurada que non tiña sentido real, por iso eran referencias que se usaban *in absentia*: nunca lembro que un veciño real de Angrois fose considerado efectivamente torpe ou menosprezado por ser de Angrois. Angrois era o paradigma e levaba o estigma, case como un signo lingüístico arbitrario.

Na acordanza da xente do meu tempo¹⁶ está tamén que era un núcleo de economía plenamente rural (a 2 km da cidade) pero tamén unha sociedade compacta que administraba con moita atención a súa permeabilidade social: dicíase que non era doado emparentar nunha aldea con personalidade tan marcada. Ignoro en qué medida esta impresión externa tiña fundamento ou era simple proxección urbana sobre Angrois.

Esta impermeabilidade, á que a cidade reacciona denominándoa *ser de Angrois*, acaba significando para os outros “non estar ó día do que a cidade-metrópole considera actual e moderno, non estar *à la page*”. Pero, nesta nota de homenaxe, tamén interesa

¹⁵ *Saloio* en portugués era inicialmente o labrego dos arredores de Lisboa (que inclúe mesmo as terras de Sintra e Mafra e Torres Vedras); como segunda acepción, labrego en xeral, persoa da aldea; pero a súa terceira acepción é xa “Que ou quem é grosseiro, revela falta de educación, de civilidade ou de bom gosto” [<http://www.priberam.pt/dlpo/default.aspx?pal=saloio>]. Sempre a cidade marcando o que é correcto, positivo, moderno e elegante.

¹⁶ E así como corrobora Encarna Otero, especialista na historia oral de Compostela.

a terceira acepción “manterse á marxe e adoptar unha actitude indiferente, distante ou insolidaria ante un asunto que ós demais (os urbanitas) lles resulta palpitante”.

2. *Ser ~ parecer de Angrois* en Galicia, en Europa e en América

Fagamos unha paseata vendo como se *é de Angrois* polo mundo adiante.

2.1. *Ser de Angrois* en Galicia: xenéricos

2.1.1. *Ser un carneiro* significa “ser persoa que por vivir terra adentro (non na beira do mar) quedou estancada no seu modo e medio de vida e desconectada da evolución do mundo”. Úsano, case sempre cun ton humorístico, os mariñeiros ou xente da beira do mar para se referiren xenericamente ós que nacemos e vivimos terra adentro, sen o contacto directo e profesional co mar. É un feito que os núcleos máis modernos e dinámicos de Galicia están na beira do mar ou en zonas planas (fosen vales ou chairas altas). A terra require tamén destrezas específicas pero o mar é unha porta aberta a tódolos mares do mundo: o transporte e as comunicacións a distancia xa en época romana se facían por vía marítima e fluvial (moito máis rápida e segura cás sonadas *vías*); por mar chegaron a maior parte das novidades a Galicia ¹⁷ e os mariñeiros, por seren navegantes, en certa medida xa hai séculos que viven niso que hoxe chamamos *globalización*. Non é de estrañar, polo tanto, que os mariñeiros nos chamen ós de terra adentro, cun certo desprezo cariñoso, *carneiros*: nome que designa o conxunto de lugares interiores de Galicia ¹⁸.

2.1.2. *Ser ~ vir do monte, ser da montaña*. Fronte á costa chea sempre de dinamismo, o interior tamén ten diferentes graos de vitalidade. Os núcleos urbanos ou semi-urbanos consideran que os que viven no monte *son do monte*, e iso significa “ser persoa inculta, silvestre, non refinada ou que non se comporta co estilo do lugar urbano de quen fala”. O interior de Galicia é todo el territorio ondulado, montañoso, no que só destacan tres chairas: a Terra Cha e a Terra de Lemos (na provincia de Lugo) e A Limia (na de Ourense). En xeral, os núcleos máis dinámicos do interior están en vales e á beira dun río (antiga vía de comunicación). Os montes, en cambio, son lugares solitarios nos que o medio de vida é a cría de gando bovino, equino ou lanar, o cultivo e aproveitamento da madeira e outros arbustos de utilidade agrícola. É un ámbito de vida brava coma a do mariñeiro (cando o lobo ataca as reses), con moitas horas de soidade e require unha dedicación absoluta. Economicamente é puro sector primario. E, aínda que é o máis imprescindible economicamente e socialmente, aínda que dos montes baixaron elementos indispensables da alimentación urbana e tamén delicadísimos elementos da cultura popular (melodías, tradicións máxicas etc.), quen vive no monte está desconectado do pulso urbano ou do mariñeiro, porque este sector non recibe un retorno

¹⁷ A tradición di que o cristianismo chegou con Santiago por mar a Padrón (“en barca de pedra”). E Europa soubo que América existía cando por mar arribou ó porto galego de Baiona o 1.3.1493 a carabela Pinta de Martín Alonso Pinzón.

¹⁸ A isto temos que engadir que na beira do mar tiñan un nome despectivo para as mulleres que cos seus fillos baixaban no verán á costa a toma-los baños. En Marín chamábanlles *pouvanas*; e na Coruña, *Catalinas* (Ventín 2007: 259).

proporcional dos outros sectores da sociedade que alimenta. O monte asóciase a rudeza, atraso, inxenuidade; tamén á falta de versatilidade e da picardía urbana ou mariñeira: esta distancia cultural dispara a ollada despreciativa dos urbanos e dos mariñeiros. O monte é o símbolo dos que perderon o tren da vida.

Ós montes só se ía vivir en casos de emerxencia (tal aconteceu aínda na invasión francesa) pero a emerxencia foi algo recorrente na historia de Galicia, porque aínda hoxe hai máis de 440 lugares habitados e 2.300 non habitados que se chaman *O Castro*, *Castrelo* ou variantes, sempre situados en lugares altos (que en moitos casos conservan restos de muros defensivos bimilenarios); e aínda hai outros 215 lugares que se chaman *O Monte* ou variantes (*Montecelo*, *Montealto*, *Montemaior*, *Montefurado*, *Montealegre...*).

Monte equivale a silvestre. Por iso, se miramos denominacións paralelas, vemos que *besta do monte* é a non establecida, a que dorme ó ventimperio, *bicho do monte* é o lobo; *cabra do monte* é a cabra montesa, *carrizo do monte* é un paxaro máis grande e que pon máis ovos có carrizo común que aniña preto das casas, *cocho / porco do monte* é o xabarín, *pita do monte* é o urogalo; *uva do monte* é o arando. Metaforicamente *besta do monte* é persoa zafia e ruda, *fillo do monte* é o fillo de muller solteira. A forma máis hiperbólica podería se-la que se di en Vigo, *ser máis do monte có toxo*¹⁹: *o toxo* (http://gl.wikipedia.org/wiki/Ficheiro:Ulex_europaeus4.jpg) é o nome común de diversas especies do xénero *Ulex*. Aínda que na primavera o toxo tingue de ouro os montes de Galicia coa súa flor dourada, é un arbusto tan cheo de pinchos que é imposible tocalo sen pincharse e, por parte, en Galicia medra espontaneamente nos montes e lugares non cultivados: todo axudou a convertelo no símbolo das persoas apartadizas, xotas, ariscas e montaraces, mesmo se queren aparentar outra cousa.

Así se entende que *ser do monte* xenericamente, aplicado a unha persoa ou a un colectivo, sexa unha forma de dicir “silvestre, non refinado”. E, como se verá, moitos dos pobos que polo mundo adiante cargan cunha semántica denigratoria residen en lugares altos; en montes.

Ser do monte é, en consecuencia, a locución xenérica, a máis estendida e a que se usa en lugares nos que non se especifica ningún topónimo (porque non o hai, porque puntualmente non se quere especificar ou porque as novas xeracións xa non o lembran). *O monte* é un hiperónimo de todos eses lugares que están topograficamente máis altos cá “metrópole” e frecuentemente están do outro lado do monte. Este último é o caso das cidades de Pontevedra e de Lugo: aquí a maior parte dos meus informantes, xa adultos, din que só se usa *ser do monte* ou que se lle pregunta

¹⁹ Información de Ramón A. Martínez Seixo, M^a Fernanda García Collazo e Gerardo Lago Rivero. Fálase dunha muller que vai de fina e de clase ben alta, desprezando ós demais, e o home remata dicindo: pero ¿quen se cre que é? ¡Se é máis de monte có toxo!

retoricamente ó interlocutor *¿Seica véis do monte?*²⁰ *E tamén se usaba a advertencia recíproca: ¿Pensas que son do monte?*²¹

2.1.3. Ser da aldea. Velaí outra denominación xenérica, usada para denigrar persoas ou grupos de persoas de calquera núcleo urbano ou semiurbano que non se precisa: alude neste caso a carencia das formas de comportamento, de vestir e de vivir que nese momento predominan na cidade. En 3.1. veremos que nesta locución *ser do monte* pervive o *esse rusticus* dos antigos romanos. Pero debe repararse en que este valor denigratorio só se aplica a persoas, porque, en cambio, a etiqueta *da aldea*, revaloriza na estimación e no mercado os produtos cárnicos, os ovos, os lácteos ou os hortofrutícolas, porque se recoñece que non proceden da produción manipulada característica da industrialización: sen usa-la palabra, considéranse a priori ecolóxicos. Veremos en 2.3.1. (*ser de Cotá dos queixos*) un exemplo de escasa estima da xente e de alta estima dos produtos agrícolas que esa xente leva ó mercado.

2.2. Ser de Angrois en Galicia: específicos da provincia da Coruña

Ademais dos xa referidos a Angrois, hai ou houbo os que mento a continuación.

2.2.1. Ser doutor (en burroloxía) pola Universidade de Cacheiras. Cada unha das cidades de Galicia ten o seu *Angrois*. Incluso a propia Compostela ten un segundo *Angrois* que é Cacheiras. Situada tralo monte denominado Montouto, no concello de Teo, a aldea de Cacheiras é hoxe unha vila-dormitorio, de bastante calidade, habitada por científicos, executivos e funcionarios, pero ata hai uns cincuenta anos era unha das parroquias esencialmente agrícolas que alimentaban cos seus produtos a sempre magnífica *praza* ou mercado diario de Compostela. Que a cabeza dun porco (despois de despezado) en galego se chame *cacheira*, posiblemente deu lugar a que se crease na fantasía popular compostelá unha teórica *Universidade de Cacheiras*, aparente alternativa da Universidade de Santiago, e naquela era onde os parvos se licenciaban e doutoraban *en burroloxía*. Humoristicamente era frecuente a frase *¡Ti es doutor (en burroloxía) pola Universidade de Cacheiras! ¡Falou o doutor en burroloxía pola Universidade de Cacheiras!* Fraseoloxismo vivo a mediados do século XX, coído que case ninguén lembra xa a existencia desa tal “universidade” e é sintomático, porque a actividade predominante en Cacheiras cambiou de agrícola a residencial de certa calidade: isto, que veremos que se repite noutras cidades galegas, permítenos sospeitar que na orixe destas locucións está o menosprezo urbano da economía do seu entorno rural e o menosprezo da xente dese entorno rural. Mesmo se un ten terras herdadas, o ideal urbano é deixalas e, se tiver capacidade, triunfar na capital do Estado: expresábo ben en 1928 este fragmento dunha novela de Otero Pedrayo:

Aquilo progresa. O ceo, as mulleres, os teatros. Non entendo como hai quen non desexe ir aló. Si vira a Porta do Sol, un día de pronunzamento! Toda a opinión da España faise alí. Niste Sant-Iago os estudantes andan emporcallándose

²⁰ Comentario de Xerardo Vidal. [<http://perfectoconde.blogspot.com.es/2013/07/os-de-angrois.html>]. [Data de consulta: 31.7.2013].

²¹ Información de Darío Xohán Cabana.

nas tabernas. E logo, ¡que tono! Non crea nistes sábeos locais. A súa sona non pasa de Cacheiras ou todo máis do Padrón. Vosté herdará terras; siga o meu consello: deixea que pra traballálas estánlle os labregos. Vosté en Madri podese adicar á profesión, facer boas amizades, e cun pouquiño de política e periodismo anunciolle unha carreira farta. (OTERO 1928: 84).

2.2.2. Ser de Coirós. Usábase en Betanzos que está no fondo dunha ría ²². Coirós é un concello limítrofe, situado uns 2 km terra adentro e en lugar máis alto. Na cidade da Coruña, portuaria e funcionarial, que adoitaba ir toma-los viños a Betanzos, tamén se dicía *ser de Coirós*, que lle queda a 20 km. Da desmotivada escolla dun topónimo darei unha hipótese en 5.2.

2.2.3. Ser de Cambás. Cambás é parroquia do concello interior de Aranga e úsase en Betanzos, que está a uns 20 km na beira do mar. A distancia ó mar parece a desculpa. Pero tamén se usa en Guitiriz, máis interior ca Cambás (a outros 20 km. terra adentro); pero Guitiriz é zona balnearia, é dicir, un chisco menos rural. A área de difusión acada uns 40 km.

2.2.4. Ser de Montecuruto / de Caamouco / de San Mateo. Úsanse en Ferrol, outra cidade portuaria e militar, centro da construción naval. Montecuruto é un lugar (de Santo Antonio da Cabana) e é monte (en realidade é un topónimo tautolóxico, porque *curuto* tamén significa “parte alta dun monte”). Ademais de ser monte, conta o feito de que dende a cidade *non se ve*, porque a cidade está orientada ó mar. San Vicente de Caamouco está no concello de Ares, polo tanto noutra ría e tampouco se ve dende Ferrol ²³. Aquí, e coma no caso da Canicouva en Pontevedra, poida ser que a opacidade do topónimo sumada ó ditongo *ou* dea a orixe a unha sensación de arcaísmo. San Mateo de Trasantos está no concello estremeiro de Narón, na pequena zona interior que este concello ten entre o Atlántico e o fondo da Ría de Narón. Xaquín Campo, sacerdote dedicado a tódolos necesitados (vellos, presos e pobres) dime que estas denominacións forman parte da condición humana: criar un chibo no que descargar tódalas nosas malas consciencias. Por iso me engade que en Ferrol tamén se di *ser das Sindicais*, barrio obreiro sufrido e pouco acariñado pola sociedade.

2.2.5. Ser de Régoa / ser do Rabadán. Dise en Cedeira ²⁴, porto de mar nunha ría que leva o seu nome (Ría de Cedeira), ría alta, e os dous lugares pertencen a este mesmo concello mariñeiro: Santa María de Régoa é parroquia e Rabadán é un lugar da parroquia de Santalla de Cervo. É significativo que tanto Régoa como Rabadán son lugares de montaña, polo tanto de economía agrícola, fronte á economía mariñeira da capital do municipio onde se usan estas dúas locucións. Estamos, unha vez máis, na antítese mariñeiros-agrogandeiros.

²² Debo esta información a Xosé Luís Couceiro e Afonso Vázquez Monxardín.

²³ Caamouco aparece nun refrán de serie devaluatoria de vilas veciñas: En Ares non te pares, en Redes non te quedas, e *en Camouco, tampouco* (Saco:345). En Ares non te pares, en Redes non te quedas, *en Camouco para pouco* (RODGO3:085)

²⁴ Información de Xaquín Campo Freire.

2.3. *Ser de Angrois* en Galicia: específicos da provincia de Lugo

2.3.1. *Ser do Picato / ser un fazai / parecer de Cheda ~ de Garabolos ~ de Cotá (dos queixos) ~ de Piúgos.* A pesar do dito en 2.1.2, segundo un informante en Lugo en tempos dicíase *ser do Picato*. O Picato é o monte que está ao sur da cidade de Lugo, na estrada que vai a Santiago. Nestes lugares recoñécese un certo atraso socioeconómico e unha especial resistencia.

*“Contaba meu sogro o chiste de que chegou un do Picato a barbearse en Lugo e a preguntas do barbeiro de onde era, ao saber que era do Picato, díxolle que eles estilaban afeitarse en seco. E así comezou a facelo o barbeiro. E a cada navallada que lle baixaba polas fazulas, unhas bágoas de door ían mollando a cara do bon do home. E foi daquela que lle dixo: Mire, señor barbeiro, será mellor que non me afeite en seco, porque eu sonlle do Picato a un lado”*²⁵.

Ser uns fazais é a forma plural de *ser un fazai*, que converte en adx. o topónimo *Fazai*, aldea da parroquia de San Martiño de Carballido, no concello de Lugo, na saída cara á Fonsagrada.

Outro informante²⁶ di lembrar dos seus anos de estudante en Lugo a loc. *ser ~ parecer de Cotá / ser de Cotá dos queixos*. Cotá é aldea e parroquia de San Martiño de Cotá, no concello estremeiro de Friol, atravesada polo río Narla: *Cotá dos queixos* é denominación popular pola calidade e sabor dos queixos que os de Cotá vendían na súa feira, que en tempos foi importante²⁷. Un terceiro informante²⁸ di ter oído en Lugo dúas locucións con este significado: *pareces da Cheda* e *pareces de Garabolos* (quizais xa en desuso). Cheda é barrio costento, obreiro, xa medio fóra de Lugo, que nestes últimos anos se urbanizou algo, pero non moito; Garabolos está no norte da cidade, ó final da avenida da Coruña, pero hoxe está totalmente urbanizado. *Ser ~ parecer de Piúgos*²⁹ alude á parroquia rural de Santiago de Piúgos (concello de Lugo), afastada uns 6 km ó sur da muralla romana, que, como é lóxico, contén o centro da cidade de Lugo.

2.3.2. *Ser de Lanzós.* Dise co mesmo significado en Vilalba. Lanzós é unha parroquia do propio concello de Vilalba³⁰.

2.3.3. *Ser do Cadramón.* Usábase en S. Miguel de Roás (Cospeito)³¹ pero tamén na Fonsagrada³². Refírese ó monte Cadramón, un dos máis altos da Serra do Xistral e

²⁵ Información de Ramón Villares e Pegerto Saavedra.

²⁶ Información de Antón Santamarina.

²⁷ *Cotá dos queixos* é a forma que me facilita Isabel González.

²⁸ Información de Darío Xohán Cabana.

²⁹ Información de Isabel González.

³⁰ Información de Xaquín Campo Freire.

³¹ Información de Darío Xohán Cabana, que me matiza que se refiren ó monte, que é o que ven dende Roás, non á parroquia de san Xurxo do Cadramón, no concello do Valedouro (Lugo).

³² Información de Isabel González.

que carece totalmente de árbores³³. O aspecto deste monte quizais explique que *ser un cadramón* sexa na provincia de Lugo “ser unha persoa inculta e salvaxe”.

2.3.4. Ser de Lindín / de Estelo. Dise en Mondoñedo³⁴ e os dous nucleos están no propio Mondoñedo: Santiago de Lindín é parroquia; Estelo é lugar da parroquia dos Remedios. Todo o concello é montañoso con grandes desniveis. Mondoñedo, a cidade episcopal coa súa catedral e co seu seminario, está chegando ó fondo do val; os lugares citados están no alto: Lindín ó sueste e Estelo ó oeste. Na relación de Lindín e de Estelo con Mondoñedo súmanse dúas antíteses: monte-val e rural-urbano.

2.3.5. Ser de Ferreiros. Ser parvo: esa é a consideración que recolle Camilo J. Cela para os veciños da parroquia de San Salvador de Ferreiros no concello lugués da Pobra do Brollón. Mesmo recolle a fórmula *Somos os de Ferreiros e no nos podemos negar*. (Álvarez 2011) [<http://ilg.usc.es/ditados/?l=1&m=5021>] [7.8.2013].

2.3.6. Ser de Berbetouros. *Os de Berbetouros, burriqueiros* (San Miguel de Berbetouros é parroquia de Palas de Rei).

2.4. Ser de Angrois en Galicia: específicos da provincia de Ourense

2.4.1. Parecer de Rouzós. Era o que se dicía en Ourense co mesmo significado de *parecer de Angrois*. Tamén neste caso se trata dun lugar máis alto cá cidade de Ourense (cousa non difícil por estar Ourense nun fondón, á beira do Miño, e ter por iso case sempre as temperaturas máis alta de Galicia). Rouzós é lugar e parroquia (San Cibrao de Rouzós) no concello de Amoeiro. Cando alguén facía unha falcatrúa ou parvada a xente dicía: *Ise parece de Rouzós*³⁵. Na cidade de Ourense *parecer de Rouzós* era sinónimo de ser basto ou bruto. En Rouzós naceu a miña bisavoa, leiteira ela³⁶:

‘Parece de Rouzós’. Cada vez que oía isto para desmerecer a alguén desacougábame. Primeiro porque non entendía que a pertenza a un lugar ou a outro fose elemento tan definitorio -todo é xente no mundo- e ese fermoso lugar de Amoeiro non cría eu que tivese nada especial, nin augas nin ventos, que fixesen xente parva, bruta ou atravesada. E segundo, e se cadra principal, porque unha bisavoa miña que non coñecín, María Pérez, a nai do meu avó Tono, era de alí. Ou sexa que naquel camposanto rural repousa unha das oito espirais de ADN con que se teceron os xenes de quen lles escribe e non quería eu figurar entre os vilipendiados por ser, dalgún xeito, nun oitavo, da nación rouzosá (Vázquez-Monxardín 2010).

2.4.2. Parecer de Chandrexa de Queixa. Tamén se dicía en Ourense co mesmo significado. Chandrexa de Queixa é zona de serra a uns 50 km da cidade de Ourense cunha temperatura media anual de 10° e escaseza de terreo agrícola³⁷.

³³ [<http://www.adelaleiro.com/gestion/descargas/docs/ruta-Cadram%C3%B3n-Xistral.pdf>]

³⁴ Información de Xaquín Campo Freire.

³⁵ Información de Antón Pulido, natural de Amoeiro.

³⁶ Información de Afonso Vázquez Monxardín.

³⁷ Información de Xosé M^a Gómez Clemente.

2.4.3. Ser limiao. Co mesmo significado despectivo usábase en Xunqueira de Ambía para desprestixia-los veciños dunha parroquia do mesmo concello, a parroquia de Padroso. Aquí reproducéase o mesmo escenario. *A vila*, é dicir, o lugar capital do concello, cunha colexiata medieval, está nun lugar baixo na conca do río Arnoia. Pero a parroquia de Padroso, dese mesmo concello, está nun lugar alto e na nacencia doutro río, un río internacional, O Limia, que chega ó mar en Viana do Castelo (Portugal). Esta diferenza topográfica era suficiente para que *os da vila* lles chamasen despectivamente *limiaos*, co significado consabido de xente bruta, silvestre e inculta. “Para nós –di Bieito Ledo Cabido, natural de Padroso– era ferinte. E defendíámonos cunha represalia verbal dicindo que *Fan máis festa os da Vila* [capital do concello de Xunqueira de Ambía] *cunha gaseosa ca nós, os da Limia, cun garrafón de viño*”. Con isto dicían que a importancia da vila era gas, fluffú inconsistente ³⁸.

2.4.4. Os parvos de Grou. Alcume recollido por Camilo J. Cela referido á parroquia de San Mamede de Grou, no concello ourensán de Lobios (Álvarez: <http://ilg.usc.es/ditados/pdfs/x077.pdf>). De Grou publicouse nesta revista un refraneiro que poucos anos antes de morrer me fixera chegar o por tantas cousas brillante e meritorio Bieito Fernandes do Palheiro (Ferro 2008): só o exemplo de vida e intelixencia desta persoa é abondo para amosa-la ridiculez deste e de tantos dicterios como estamos referindo e analizando.

2.4.5. Parecer de Correchouso

“Na miña terra, para indicar que unha persoa era media parva, medio aleilada (como dicimos nós), ou que non tiña educación, nin cultura, dicía meu avó parecez de Correchouso. Correchouso –como se pode ver nunha foto de Google Earth– é unha aldea do concello de Laza, que está no medio da serra, rodeada de grandes montañas, furadas polos camiños de ferro. Meu avó traballou nesas vías do tren e, se cadra, trouxo o dito de cando traballaba nos túneles desta zona” ³⁹.

Dicía meu avó indica que a xente de Correchouso debía ter daquela esa maneira de ser –ou parecerllo así ós obreiros foráneos– pero que o dito xa non circula na actualidade, xa non ten vixencia. O lector obxectivo debe ter presente que por forza teñen que estar provisionalmente estupefactos os habitantes dunha aldea destas características, tranquila e silenciosa, que se ve invadida por xente estraña que, con máquinas xigantescas e ruidosas e con estruendosa dinamita, fura os seus montes e transforma radicalmente o seu hábitat. Posteriormente a adaptación a unha nova situación (o simple paso dos trens) fai que a durabilidade da locución fose curta.

2.5. Ser de Angrois en Galicia: específicos da provincia de Pontevedra

2.5.1. Ser de Cuspedriños, ser ~ parecer da Canicouva, ser do monte. Son locucións específicas da cidade de Pontevedra. Cuspedriños é un lugar da parroquia de San Xorxe

³⁸ Debo esta información oral ó editor xunqueirán-vigués Bieito Ledo Cabido.

³⁹ Información de Vicente Feijoo Ares, do Riós.

de Sacos, no concello de Cotobade, que tiña unha importante feira de gando. Está en lugar montañoso a case 20 km de Pontevedra e a malintencionada escolla desta afastada aldea como referente posiblemente teña que ver con que o topónimo Cuspedriños, sendo opaco, evoca o substantivo *cuspe* (saliva) e o verbo *cuspir*. A Canicouva é unha parroquia do concello de Pontevedra, situada a algunha distancia do mar e a 11 km da cidade: aínda que nesa parroquia (A Canicouva) se desenvolveu parte da primeira gran derrota das tropas napoleónicas nos días 7-9.6.1809 (a batalla de Ponte Sampaio) e aínda que hai unha *Rocha dos franceses* (onde di que están enterrados moitos) segue sendo unha referencia negativa. Darío Xohán Cabana ofréceme estes exemplos de uso: *pareces da Canicouva, ¡Nin que foran da Canicouva! ¡Eu non che son da Canicouva!* e, sendo lugués, sorpréndese de que por alí xa consideren que un sitio é *da montaña* en canto non senten as ondas do mar. Pero que esta locucion chegue viva á aldea de Caritel, que está a 25 km do mar e a 450 m de altitude (é dicir, xa é monte; e é máis monte cá Canicouva), faime pensar que a escolla deste topónimo quizais teña que ver coa opacidade do topónimo ou que mesmo sexa un caso de fonosimbolismo, cousa ben subxectiva. *Ser do monte* xa o comentei en 2.1.2.

2.5.2. Ser de Petelos. Úsase na cidade portuaria e industrial de Vigo. San Mamede de Petelos é parroquia do concello de Mos, situada tralo Alto do Meixueiro mirando dende Vigo: é, polo tanto, un lugar próximo a Vigo (11 km) no que está a sede do Concello de Mos pero que non se ve dende Vigo. En Petelos dáse a mesma invisibilidade e barreira orográfica de Angrois, de Cuspedriños e da Canicouva en relación ás cidades denominantes.

2.5.3. Ser de Berbetouros / ser de Berredo

Os de Berredo, burros; os de Órrea, gorriós; Ventosinos, cadelos finos, patacas e zucha metidas na ucha; os de Brántega, croeiros; os de San Paio, lagarteiros; os de Artoño, fariñeiros... Son todas parroquias do concello pontevedrés de Agolada. Ventosinos é deformación de San Xulián de Ventosa. Nestes fragmentos de recitados os habitantes dunhas aldeas caracterizan da maneira máis descritiva e humorística os veciños da redonda. Deben de ser, logo, entre tódolos que cito, os únicos casos nos que a creación non procede dun núcleo urbano superior que degrada un núcleo máis rural.

3. Ser ~ parecer de Angrois fóra de Galicia (resto de Europa e América)

3.1. Un mal antigo: esse rusticus / ειναι Βοιωτός (“ser beocio”) ou ειναι Αβδηρίτης (“ser de Abdera”)

O mal xa é antigo. Para os antigos romanos “ser parvo” dicíase igual que “ser da aldea”, do mundo rural (*esse rusticus*). Nada menos que nas *Églogas* de Virxilio (2,56) xa aparece este significado: *Rusticus es, Corydon, nec munera curat Alexis* (“Ti es parvo, Coridón: dos teus regalos Alexis non fai caso ningún”). Aínda que *rusticus* ten como primeiro valor “rural, da aldea” coma en *rustica vox* (“acento da aldea”), tamén significa “groseiro” (*convitia rustica; rusticus sermo*), ou ben “torpe, pouco hábil” (*rusticae manus*) ou, xa directamente, “parvo”: L. Pomponio (I aC) escribiu

unha comedia con este título e significado. Esta polisemia xa devaluaba máis de medio mundo. Velaí, á vista, a vella raíz que aínda hoxe xermina. Pero os romanos tiñan por especialmente desinformados (torpes) os bátavos (aproximadamente os actuais holandeses) e Marcial (*Epigr.* 72,6) testemuña que en Roma a esta torpeza chamábanlle *auris Batava*: contra esta e outras infundadas simplificacións escribiu o P. Feixoo unha das súas *Cartas eruditas* (Feijoo 1750: XIII,2) ⁴⁰.

Para os antigos atenienses, que eran comerciantes e algo cosmopolitas, os da rexión agrícola de Beocia, calquera que fose o lugar no que habitasen, eran todos parvos, e de nada servía que de alí saísen poetas coma Hesíodo, historiadores coma Plutarco, heroes coma Hércules, ou que alí, no monte Helicón, residisen as Musas: *beocio* para os atenienses era sinónimo de “simple, parvo”; e tanto durou o tópico que a palabra francesa *béotien* aínda hoxe significa “ignorante”. Os antigos atenienses estendían este menosprezo mesmo ós habitantes da cidade tracia de Abdera; e de nada servía que dela saísen filósofos coma Protágoras, Leucipo e Demócrito. Por suposto, os gregos antigos cargaban de connotacións negativa a tódolos que falaban linguas que eles non entendían (βάρβαροι: bárbaros): lección que axiña aprenderon os romanos.

3.2. Un mal moderno: *να είσαι βλάχος* (“ser valaco”) / *να είσαι πόντιος* (“ser do Ponto”)

O mal é moderno. Os gregos do século XXI utilizan para os seus chistes, paremias e locucións ós βλάχοι (habitantes da antiga Valaquia, situada ó norte do Danubio e ó sur dos Montes Cárpatos pero tamén lles chaman así ós pastores montańeses do Epiro e ten o senso de groseiro, rudo, bruto). Outro tanto fan cos πόντιοι (gregos que habitaban as costas do Ponto Euxino ou Mar Negro). O que non lles atribúen é a suplementaria indiferenza ante os problemas dos demais ⁴¹.

⁴⁰ Carta XIII. Responde el Autor a un Tertulio, que deseaba saber su dictamen en la cuestión de si en la prenda del Ingenio exceden unas Naciones a otras [<http://filosofia.org/bjf/bjfc413.htm>]. [5.8.2013].

⁴¹ Información de Carlos Crida, que tamén me facilita as correspondentes entradas e traducións do *Diccionario de la Nueva Lengua Griega*, de G. Babiniotis:

Βλάχος (ο), **Βλάχα** (η) [μεσν.] 1. Ο δίγλωσσος Έλληνας που μιλά Βλάχικα (βλ. κ. λ. *Αρωμόνοι, Κουτσόβλακος, Καραγκούνης*). 2. (γενικότ.) κάθε ορεσίβιος βοσκός τής ηπειρωτικής Ελλάδας. TRAD.: **Valavo** (ο), **Valaca** (α) [medieval] 1. O grego bilingüe que fala valaco (ver tamén os lemas *Aromunos, Kutsovalacos, Karangumi*). 2. (xeralmente) cada pastor montańés da Grecia epirótica.

βλάχος (ο), **βλάχα** (η) (ως μειωτ. χαρακτηρισμός) 1. Επαρχιώτης, πρόσωπο που έχει εμφάνιση, συμπεριφορά και ομιλία χωριάτη, ο άξεστος. ΦΡ. (σκωπτ.) (α) *εμείς οι βλάχοι όπως λάχει* οι ανοικοκύρευτοι άνθρωποι ενεργούν με πρόχειρο, ανοικοκύρευτο τρόπο, συχνά λέγεται αυτοειρωνικά από κάποιον που θέλει να δείξει ότι βολεύεται εύκολα παντού, σε οποιοδήποτε συνθήκες: *Μην ψάχνεις τώρα για κάθισμα! Κάσσε χάμω!* ~! (β) *πονηρός ο βλάχος!* κυρ. για επαρχιώτη, που αποδεικνύεται έξυπνος, πονηρός, ενώ τον θεωρούσαν αφελή. TRAD.: **Valavo** (ο), **valaca** (α) (como característica humillante) 1. Provinciano, persoa que ten aparencia, comportamento e fala aldeá, o bruto. Frase (burlesca) (a) *nós os valacos, onde sexa* as persoas desordenadas actúan de maneira improvisada, sen orde: adoitada dicilo quen quere amosar que se acomoda fácilmente en calquera lado ou circunstancia, para facer burla de sí mesmo: *¡Non busques agora onde sentar! ¡Senta no chan!* ~! (b) *¡Picaro o valaco!* principalmente dito do aldeán, que se amosa intelixente, cando o consideraban parvo.

3.3. *Ser de Paio Pires / da Lourinhã /alentejano* (Portugal continental)

O gran fraseólogo portugués Carvalho Costa, que entre 1982 e 1985 recollou e comentou en seis tomos moitos fraseoloxismos portugueses, testemuña que en Portugal existen –ou, mellor, existiron– estes dous paralelos portugueses.

É conhecido tal modo de dizer, na aceção de “ser parvo”. Parece que é por serem considerados, pelo menos, noutro tempo (hoje é tudo esperto), uns pategos e ignorantes. Na verdade, desconheço a razão, porque assim apelidam os habitantes daquelas localidades. É certo que muitas vezes tenho ouvido dizer –“Tu julgas que SOU DE PAIO PIRES (isto é, da Aldeia de Paio Pires) ⁴² OU DA LOURINHÃ ⁴³, enganas-te” (CARVALHO 1982: I,3; 177).

Outro informante asegúrame que co mesmo significado óese hoxe en Lisboa *Tu julgas que sou alentejano?* ⁴⁴

3.4. *Ser de Aguálva ~ de S. Mateus ~ da Ribeirinha ~ de Rabo de Peixe* (Açores) / *comer aletria de Abrantes*

“Da minha lembrança, na cidade de Angra, na ilha Terceira, diz-se o seguinte: quando alguém é “burro”, diz-se que é da Aguálva; quando alguém é “bruto”, que é de S. Mateus (porto piscatório); quando alguém é mal educado, que é da Ribeirinha. Aguálva, S. Mateus e Ribeirinha são freguesias desta ilha.

Em S. Miguel, os habitantes de Rabo de Peixe_(porto piscatório) têm a “fama” de serem “brutos” e agressivos” ⁴⁵.

comer aletria de Abrantes significa “ser burro” (Simões – Teletin 2011: 352).

3.5. *Venir ~ baixar d’Arbeca*

Adóitase dicir en Cataluña cando alguén chega despistado a algún lugar, coma se viñese de estar incomunicado ou hibernado. Antigamente tiña o significado de “ser persoa rústica ou pouco coñecedora dos costumes da cidade”.

Quan Barcelona celebrà el quart centenari del descobriment d’Amèrica, l’any 1892, entre els festeigs d’aire popular figurà una cursa amb valuosos premis. Hi prengueren part gran nombre de corredors professionals vinguts de molts indrets, i entre ells els d’Arbeca. Tothom vestia més o menys la indumentària pròpia dels esportius d’aquelles temps, excepte els d’Arbeca, que corrien amb

⁴² Aldeia de Paio Pires é unha freguesía portuguesa do concello do Seixal, fronte a Lisboa, que medrou moito dende que alí se instalou a Siderurgia Nacional en 1970. O nome garda memoria de Paio Peres Correa, un guerreiro do século XIII destacado na reconquista contra os árabes. (Wikipedia).

⁴³ A Lourinhã é cidade e concello marítimo situado a 63 km ó N. de Lisboa, con 25.735 habitantes (2011). Hoxe é zona turística polas súas praias (Praia da Areia Branca) e por ser zona rica en restos de dinosauros (*Capital Portuguesa dos Dinossauros*). No 21.8.1808, tivo lugar na freguesía do Vimeiro unha das batallas da Guerra entre a coalición luso-inglesa e as tropas napoleónicas que deu como resultado obriga-los franceses a saíren de Portugal (Wikipedia).

⁴⁴ Información de Joaquim Azevedo Mendes.

⁴⁵ Información de João Saramago.

calçotets llargs de temarell. La presència d'aquells rústecs corredors entremig d'aquell bé de Déu excità la curiositat i la gent preguntava humorísticament qui eren aquells pagesos i es feu la contesta general: –Han vingut d'Arbeca. (<http://etimologies.dites.cat/2009/01/venir-darbeca.html>).⁴⁶

3.6. Parecer pasiego

Na España castelánfalante hai diversos lugares nos que a fala tradicional sitúa unha especial concentración de persoas de pouco brío intelectual. En xeral, estas localizacións son de curto alcance xeográfico; só circulan no ámbito comarcal ou provincial. O chamado *Valle de Vega de Pas* está en Cantabria, protexido por montes cántabros e montes burgaleses. As vilas dese val están hoxe moi coidadas e socialmente rehabilitadas pero na capital (Santander) á xente urbana aínda lle sorprende moito a maneira de ser dos pasiegos: responden preguntando, non responden si ou non, danlle voltas a pregunta etc.: é dicir, teñen certo parecido cos labregos galegos na súa forma de socializar. Por iso se di en Cantabria *Pareces un pasiego; ¡No seas pasiego!*⁴⁷

3.7. Bobo de Coria, Bobo Perales, ser de Lepe ~ de Almendralejo ~ de Tomelloso⁴⁸

Antigamente para moitos casteláns eran estremeños os parvos máis sobranceiros: coma tal, o Bobo de Coria e mailo Bobo Perales⁴⁹. Boa parte da provincia de Salamanca conta con estudos exhaustivos que se achegan ó remate do século XX (Iglesias 2006; Iglesias 2013).

No cambio de milenio, por influxo de certos humoristas con fácil acceso a algúns medios de comunicación, boa parte de España púxose a contar chistes de Lepe, coma se

⁴⁶ Información de Víctor Pàmies i Riudor. Na *Enciclopèdia Catalana* (s. v. 'Arbeca') dáse outra posible explicación: *El 1552 Arbeca continuava essent la població més gran de les Garrigues. A aquest fet contribuí sens dubte que el lloc fos elegit pels poderosos Cardona com a residència predilecta. Ja hi féu obres (1475), acabada la guerra contra Joan II, Joan Ramon Folc (III) de Cardona (que morí el 1486), però l'impuls definitiu el donà el primer duc de Cardona, Joan Ramon Folc (IV), casat amb Aldonça Enríquez (tia de Ferran II), que continuà tenint dins la cort el poder i la influència de què havia gaudit el seu pare (morí el 1513), i al qual hom atribueix la construcció del castell palau d'Arbeca, celebrat a l'època com un dels més bells de Catalunya. El 1585 passà pel castell Felip II de Castella en el seu viatge per terres lleidatanes. En recull l'estada el seu cronista Enrique Cock, que formava part del seguici, el qual afirma que el duc era l'únic gran d'Espanya autoritzat a encunyar moneda (efectivament es feren diverses encunyacions, com l'autoritzada el 1595). En aquesta època (segle i mig) que els poderosos ducs de Cardona habitaren al luxós castell podria tenir origen la coneguda frase "Jo vinc d'Arbeca", que en ser requerits a intervenir en la complexa i conflictiva política del moment (lluïtes per al domini de la paeria de Lleida, Germanies, etc.) haurien adduït els ducs com a excusa o distanciament. Font: Joan Amades i Gelat (1951a): *Refranyer català comentat*. Barcelona: Ed. Selecta. || Ed. Selecta - Catalònia, 1990: segona edició dins la col·lecció «Club de Butxaca», núm. 20.*

⁴⁷ Información de Perfecto Pereiro Lázara.

⁴⁸ Na comarca de Ciudad Rodrigo (Salamanca) tamén se chatan de bobos, brutos, burriqueros, burricones, paletos, paletones ou pendejos diversos pueblos (Iglesias 2013: 60).

⁴⁹ Aparecen xa en Correas coa peculiaridade de careceren de conciencia moral e cun instintito sexual desenfreado: *El Bovo de Koría, ke empreñó a su madre i a sus ermanas i preguntava si era pecado* (Correas 97b). *Bovo Perales o Bovo de Perales ... de un kriado de monxas ke uvo en Perales de Estremadura, ke las empreñó a todas. Más parece matraka a los de Perales ke verdad* (699a). Citado por Iglesias 2006: 373; onde se poden ver máis como *Tenebrón, burricón* (389) ... *Y mocitos paletones Gallegos y la Alameda* (392).

en Lepe (Huelva) estivesen tódolos papanatas de España e coma se tódolos habitantes de Lepe actuasen sempre con absoluta falta de lóxica ou fosen incapaces de entendela sentido figurado. Os chistes eran moi breves, case sempre no formato de pregunta e resposta, sempre impunemente ofensivos e eran centos, quizais milleiros. Cada día oíase un novo. Un sintomático era este: *–¿Cuántos chistes hay de Lepe? –Dos. Los, demás son casos reales.* (<http://gabo-javi.blogspot.com.es/2007/10/chistes.html>).

Como direi en 3.11, os chistes de Lepe poderían ser unha importación serodia dos chistes alemáns á conta dos Frisios orientais. Foi unha moda tan intensa e inicu como fugaz: hoxe, en 2013, xa ninguén conta chistes de Lepe.

Pero os chistes de Lepe (Huelva), que teñen un paralelo nos de Almendralejo (Badajoz) e nos de Tomelloso (Ciudad Real), quizais iniciados na respectiva capital da provincia, teñen a peculiaridade de proceder non do desprezo senón da envexa: é coma se fose difícil dixerir que un núcleo rural, desenvolvendo intelixentemente a súa economía rural, despegue economicamente e, en vez de perder poboación, que a aumente e mesmo dea traballo a inmigrantes. Neste caso, mentres os chistes pregoan que “son os máis parvos”, os resultados económicos parecen dicir que “son os máis listos”⁵⁰.

“En Badajoz solemos hacer chistes de nuestros queridos amigos de Almendralejo aunque, influenciados por la caja tonta, algunos hacen ya chistes de Lepe. Curiosamente, muchos de estos pueblos tienen en común que su nivel de vida es más alto que el de sus vecinos. En Lepe la fresa, en Almendralejo el vino, ... ¿Algún tipo de envidia malsana? No sé. Sin embargo, recordemos que los franceses hacen chistes de suizos y belgas. Es decir, gente semejante a ellos, más ricos y que no quisieron integrarse en la grey francesa”⁵¹.

No ámbito hispano merece verse *El arte del insulto* (Luque – Pamies – Manjón 1997). Nela observan que neste asunto son moi activos os dialectos, porque con frecuencia trátase de *pueblos* que só se coñecen preto dunha cidade, que é a que crea o nexo entre o estereotipo negativo do campesiño e o *pueblo* en cuestión: en Granada corren chistes, refráns ou alcumes despectivos contra os de Loja, de Alhendín, de Motril, etc. pero niguén os coñece e usa en canto se cambia de provincia: os de Úbeda contra os de Baeza e viceversa. Moitos son plaxios adaptados, outros baséanse máis na rima do que na experiencia, e son medias verdades cargadas de maldade... pero moi representativas da historia local⁵².

3.8. *Être belge, béotien, cul-terreux*

Como xa queda dito (3.1), os franceses conservan vivo o adxectivo despectivo *béotien*. O significado de paleta vai ligado ó *cul-terreux*⁵³. Pero para moitos franceses os belgas son a fonte de moitos chistes ridiculizantes, nos que os seus veciños, que, en parte, falan

⁵⁰ [<http://www.celtiberia.net/verrespuesta.asp?idp=3549#ixzz2dGMda32f>]

⁵¹ [<http://www.celtiberia.net/verrespuesta.asp?idp=3549>]

⁵² Información de Antonio Pamies.

⁵³ Información de Christine Joly.

a propia lingua francesa, son os parvos do mundo. (<http://www.blablaques.net/blagues-belges.html>). Algúns sosteñen que estes chistes floreceron na época de inmigración a Francia. Con todo, é unha evidencia que, a pesar das tensións, a sociedade dos belgas ten moito máis pensado (e, se cadra, mellor encamiñado ca moitos países do mundo) o espiñento problema da diversidade cultural dentro dun mesmo Estado (⁵⁴).

3.9. *Essere di Sant'Oreste*

É frase usada na cidade de Roma co significado de “ser estúpido”. Úsana as persoas maiores, por veces con feitura de fórmula (*Ma che sei di Sant'Oreste?!!*), e co valor de “¿Pero ti es parvo ou que?” (*Ma sei stupido?!!*). Sant'Oreste é unha localidade próxima a Roma (35 km), duns 3.800 habitantes, situada no alto do Monte Soratte ⁵⁵. Tamén aquí se cumpre o dato de lugar montañoso e próximo.

3.10. *To be from Kerry [Ciarraí] en Irlanda / to be Polish ~ Pole ~ Poles en EEUU / ser gallego en Arxentina*

Ademais do visto, a lista podería aumentarse. Algúns irlandeses fan a risa doutros irlandeses, os de *Ciarraí* (en inglés Kerry) un *county* do sur-oeste, provincia de Munster, que vive da gandaría ovina e bovina e que segue falando gaélico ⁵⁶. En certas partes dos EEUU fan a risa dos inmigrantes polacos (*Polish jokes*) ⁵⁷. Algúns canadinos consideran parvos ós de Terranova. E, por suposto, en Arxentina faise a risa dos inmigrantes galegos: no 1994 o Centro Galego de Buenos Aires protestou oficialmente pola publicación dun libro titulado *Los más inteligentes chistes sobre gallegos* ⁵⁸.

3.11. Ser frisio oriental

Do mesmo xeito que os humoristas andaluces, con porta franca nos medios de comunicación, fixeron circular centos de chistes de Lepe, en Alemaña xa se contaban dende 1960 parecidos ou idénticos chistes á conta dos habitantes da Frisia oriental. Mesmo é posible que os chistes de Frisia sexan a fonte dos chistes andaluces de Lepe, porque aqueles son anteriores e teñen o mesmo formato: 1. Pregunta *¿Por que os de Frisia fan tal cousa?* 2. Resposta disparatada que deixa en presunta evidencia o parvos que presuntamente son. Coma tal: *-¿Cantos frisios se precisan para muxir unha vaca? -Vintecatros: catro (un para cada teto) e vinte para poder ergue-la vaca en peso.*

Aínda que as afirmacións son tan hipérbolicas, que se destrúen por si mesmas, o obxectivo de facer rir á conta dos frisios chega ó extremo de falar dun precedente

⁵⁴ Véxase un de tantos prantexamentos en *Qu'est-ce qu'être belge?* [<http://www.lalibre.be/debats/opinions/qu-est-ce-qu-etre-belge-51b8bd79e4b0de6db9bbb5f5>]

⁵⁵ Información de Simona Brunetti. Véxase [http://it.wikipedia.org/wiki/Sant%27Oreste_%28Italia%29].

⁵⁶ Información de Tania Mouriño Mosquera e de Thomas Meade.

⁵⁷ Información de Fernando Pazó Fernández.

⁵⁸ [http://elpais.com/diario/1994/04/12/cultura/766101602_850215.html]. A inmigración galega foi tan intensa que nalgúns países da América hispana engloban no nome de *gallego* a tódolos inmigrantes procedentes de España.

prehistórico que sería o *Homo ostfrisiensis*. Pode verse [http://en.wikipedia.org/wiki/East_Frisian_jokes] ou, en alemán, [<http://de.wikipedia.org/wiki/Ostfriesenwitz>] /] ⁵⁹.

3.12. *Ser de Offenbach* (OF= ohne Führerschein)

Ademais da hilaridade alemá á conta dos frisios e dos austríacos, os habitantes de Frankfurt am Main, que se consideran moi superiores ós outros, critican especialmente os automobilistas da cidade próxima de Offenbach am Main que teñen na matrícula do seu vehículo o indicativo (Kfz-Kennzeichen: OF). A interpretación que fan os de Frankfurt é que ese OF non quere dicir *Offenbach* senón *ohne Führerschein* (“sen permiso de conducir”). A razón que dan é que, como os condutores de Offenbach non coñecen ben as rúas de Frankfurt, atravesan a cidade conducindo de vagar, con medo, ollando á dereita e á esquerda, cambiando de carril de repente etc. coma un estranxeiro perdido nunha gran cidade. Por iso a xente de Frankfurt di dunha maneira arrogante: “Seguro que non ten carnet”: OF = ohne Führerschein ⁶⁰.

3.13. *Einen Schildbürgerstreich begehen / das ist ein richtiger Schildbürgerstreich*

Estas locucións equivalen a “(ser) unha trapallada; non ter pés nin cabeza”. As historias dos habitantes de Schilda, en alemán *Schildbürger*, remontan ó século XVI (1597) e contan as parvadas dos seus habitantes, coma tal a construción dunha nova Casa do Concello sen fiestras. É unha referencia que anda nos libros escolares e que aínda hoxe se emprega para critica-las obras de arquitectos encargados de obras públicas cando deixan unha ponte perdida na paisaxe, unha piscina sen aseos ou unha escola sen suficiente calefacción ⁶¹.

3.14. *Aus Dummsdorf sein*

É o xenérico “ser da aldea” ou mellor “ser da aldea do ‘estúpido/burro’/...”. *Dummsdorf* é unha palabra composta do adx. *dumm* (“estúpido”) + -s, letra que combina este adx. co subst. *Dorf* (“aldea”): significaría “a aldea da estupidez!” ou “do estúpido (en xeral)”; esta é quizais a tradución que mellor indica o sentido ⁶².

4. *Facerse de Angrois*. Algúns estereotipos de indiferenza ligados a topónimos

O terceiro concepto polo que aparecía Angrois na fraseoloxía santiaguesa era o que na epígrafe 1.2. chamei *silencio estratéxico*. Pero tamén pode expresar que o falante se desentende de algo, ou finxe que non entende o que lle din para inhibirse, para non se comprometer, para non asumir responsabilidades.

Ignórase cal puido se-lo episodio que deu lugar a esta locución. Puido ser algo de pouca importancia pero significativo a nivel rural, porque a sociedade rural (máis alá da visión

⁵⁹ Información de Stefan Ettinger.

⁶⁰ Información de Stefan Ettinger.

⁶¹ Información de Stefan Ettinger.

⁶² Información de Hans Schemann.

superficial e periférica que dela ten a cidade) ten códigos non escritos de obrigado cumprimento e puido haber un fallo que involucrase un veciño de Angrois, arrastrando ó paradigma a aldea enteira. A tradición oral non garda memoria. Pero tan importante coma iso é a observación, certamente non banal, de que na case totalidade dos casos nos que se usaba esta locución, a persoa que mantiña esa actitude de inhibición non era de Angrois: podía ser e de feito era de calquera outro lugar de Galicia máis ou menos próximo a Compostela.

Vexamos outros lugares ós que se vincula este mesmo concepto.

4.1. ¡A min plin, eu son de Lalín ~ Marín!

En Galicia hai varios lugares ós que se asocia esta actitude: o máis coñecido é Lalín, concello situado case no centro de Galicia. A fórmula que o expresa é esta actitude. ¡A min plin, eu son de Lalín! ou ¡A min plin, que son de Lalín! Este coñécese e úsase en toda Galicia e ignora a súa orixe. En castelán o CORDE documenta ¡A mi, plin! dende 1917 pero carece da segunda parte galega que xustifica a nula importancia que se lle dá a algo no feito de ser de Lalín⁶³. En galego o TILG documenta esta mesma fórmula dende 1901:

Podíanselle en troques cantar as do barqueiro, que nunca chove como trona, nin nunca choveu que non escampase ... e xa ela lle buscaría as voltas que pra algo lle había de valer os anos i o ser de donde era, que xa il vería como así que tivera os cartos na man, lle había de decir como os rapaces do seu pobo

- Ai, señor; a min , plin que son de Lalín (Pérez Placer 1901: 13).

En 1908 editao como refrán Uxío Carré Aldao nesta forma: *A min plin, que son de caballería e gasto español* (*A Nosa Terra* 39, 1908; 5).

Esta mesma fórmula de indiferenza tamén a teño rexistrada en Marín, co topónimo Marín, e en Lindín. Nestes casos quizá sexa unha apropiación por teren idéntica rima, pero no caso de Lalín (ó revés de Marín e Lindín) é coherente con outros fraseoloxismos que manifestan a potente autoestima dos lalinenses, coma tal estes desafiantes: *¡Viva Lalín, con razón ou sin ela! O que me dea un pau doulle un peso e, se é de carballo, trinta réas*” e tamén *¡Eu son de Lalín: o que me dea un pau, doulle un peso; e, se é de carballo, vinte réas!* É dicir, os de Lalín ofrecen pagar a quen sexa capaz de golpearlos. O desafío está en que *dar un pau* era “golpear [a alguén]” e golpear cun pau de carballo era máis doloroso, porque é unha das madeiras máis duras que se crían en Galicia.

⁶³ Segundo o CORDE da RAE, tamén se rexistra en castelán pero a primeira versión recollida é *pa mí ¡plin!* que aparece en 1916 en México na obra de Mariano Azuela *Los de abajo* (*Sargento, mi botella, mi botella de tequila. Chata, estás muy lejos; arrímate a echar un trago. ¿Cómo que no?... ¿Le tienes miedo a tu... marido... o lo que sea?... Si está metido en algún agujero dile que salga..., pa mí ¡plin!*... *Te aseguro que las ratas no me estorban*). Pero no ano seguinte (1917) xa aparece no sainete de Carlos Arniches titulado *Los neutrales. Sainetes del Madrid castizo* (*Saco yo mis banderitas y le contesto: “A mí, plin”, * y acelero la marcha. Entonces va ella y me profiere esa cosa fea que tiene por costumbre, y voy yo, me incomodo, y ¡zas!, la embisto de proa; pero la muy ladrona me se sumerge, y, ¡cataplum!... Un torpedo en la línea de flotación. Total: que si no me agarro al chaleco salvavidas, me ahogo*).

Cómpre lembrar que *peso* que ofrece é polisémico: pode ser unha peza metálica⁶⁴ ou unha moeda (antes do euro, un peso equivalía a cinco pesetas; e vinte réas, eran as mesmas cinco pesetas). A constante devaluación das moedas non dá idea do que, a principios do século XX significaba ese *peso*: daquela era diñeiro.

Polo tanto, o *¡A min plin, eu son de Lalín!* ou *¡A min plin, que son de Lalín!* encaixa co carácter destemido e desafiante que os de Lalín se atribúen a si mesmos. *¡A min plin!* indica neste caso absoluta indiferenza; indica que ó asunto en cuestión non se lle concede a máis mínima importancia.

4.2. *Facerse de Covas ~ o de Covas*

Co mesmo significado de *facerse de Angrois* (“desentenderse de algo no que un ten ou debería ter responsabilidade; finxir ignorancia ou despiste”)⁶⁵, existe a locución *facerse de Covas* en dúas zonas mariñeiras: Ferrol e Cambados⁶⁶ que distan entre elas uns 140 km. En Ferrol coa variante *facerse o de Covas*. San Martiño de Covas é unha parroquia ferrolá á beira do Atlántico, onda o cabo Prior: está no territorio municipal de Ferrol pero non se ve dende a cidade. En Cambados hai dous Covas próximos (un lugar chamado Covas de Lobos (no concello de Cambados) e un Covas (no concello de Meaño). Pero é máis probable que sexa o mesmo Covas de Ferrol, porque tódolos mozos de Cambados, por seren mariñeiros, ían face-lo período de instrución militar a Ferrol. Que sexa o mesmo topónimo tanto en Ferrol coma en Cambados e que nun lado e noutro se descoñeza a motivación é sorprendente. ¿Quedarán nestes topónimos algunha motivación arcaica e oculta ligada ó valor semántico da palabra común *cova*? Se así for, nada tería que ver cos actuais habitantes dos dous lugares chamados Covas en Ferrol e en Cambados.

4.3. *Facerse de Muros*

É locución sinónima propia de Vigo, segundo me informa Ramón A. Martínez Seixo. Sorprende que se faga en Vigo, a cidade portuaria máis grande de Galicia, esta referencia a Muros, porque, aínda que Vigo e Muros son portos de mar, son de moi diferente importancia e están en rías diferentes e entre a ría de Vigo e a Ría de Noia e Muros aínda están a ría de Marín e maila ría da Arousa. A locución *facerse de Muros* co significado de “desentenderse de algo; finxir ignorancia ou despiste” evoca en nós inmediatamente unha coñecida e enigmática fórmula que se usa en toda a Galicia

⁶⁴ Peza metálica con peso determinado, que serve para comprobar o que pesan as cousas, comparándoas con ela nunha balanza; ou que, pendurada dunha corda, serve para mover algúns reloxos ou para axudar a subir e baixar unha cousa, compensando o peso.

⁶⁵ Confirmanme esta información Xaquín Campo Freire, Henrique da Costa e Ramón Anxo Martínez Seixo.

⁶⁶ Cantos máis galóns teñan no partido, máis recurso ao refraneiro e a facerse de Cobas: Que cada pau aguante a súa vela; o que a fai a paga; chegar ata o final «caiga quen caiga»... ou outras similares que compartan co patio da miña casa o feito se ser particular (un problema particular). (Domingo Tabuyo. Diario de Arousa 24.1.2013. [<http://www.socialistascombados.com/web/2013/01/as-mesmas-frases-feitas/>] [Data de consulta: 24.1.2013]. Deste xeito, pídenlle que “demostradas as irregularidades” incoe un expediente sancionador a estas empresas, no ámbito das súas competencias autonómicas, ou dito doutro xeito “movede o cú e non facerse de Cobas”).

costeira: *¡Somos todos galegos, menos o patrón que é de Muros!* Ninguén conseguiu explicala e nela parece que se intúe que, sendo Muros parte de Galicia, o patrón *de Muros*ponse de parte do conxunto: en certa medida a locución e a fórmula parece que vehiculan un concepto parecido. Agradezo ó historiador Ramón Villares esta explicación: “os de Muros teñen fama de ser especiais, como a teñen os maragatos ou os xitanos. Pero non sei se é porque, como mariñeiros, eran bos patróns ou porque non facían parcería con ninguén ou non querían depender de poderes externos (gremios ou confrarías). En Muros hai inmigración (francesa, entre outras) e tamén emigración que se concentra na costa oriental dos EE.UU. (New Jersey, sobre todo): así que é frecuente que saiban francés polos que chegaron e inglés polos que saen”. A fraseoloxía galega di que os de Muros son especiais e diferentes, aínda que hoxe non se perciba en que o son.

4.4. *Fer ~ fer-se l'andorrà*

En catalán atribúese esta indiferenza calculada ós habitantes de Andorra, quizais nacida da necesidade histórica de manteren a súa soberanía entre dous poderosos Estados veciños. E cóntase que un seminarista o utilizou dunha vez traducindo aquel episodio no que Xesús estivo calado (*Jesus autem tacebat*) diante do tribunal cando os seus inimigos o acusaban en falso e o forzaban a que dixese dunha vez se el era ou non era Cristo, o fillo de Deus, o Mesías. Lémolos en Mateo (26,63) e polo paralelo de Lucas 22,67 vemos que é un deses casos paradigmáticos nos que calquera resposta positiva ou negativa é inútil ⁶⁷:

“fer (o fer-se) l'andorrà” s'aplica a les persones que dissimulen, no s'impliquen i no se sap què pensen, és a dir, que es fan el boig o el suec:

*Aquesta peculiaritat dels habitants és tan coneguda que a Catalunya de fer l'orni se'n diu fer l'andorrà. Una vegada un estudiant de tocant a la frontera, a l'hora d'ingressar en un seminari espanyol, fou cridat per traduir el Nou Testament. Quan arribà a les paraules Jesus autem tacebat les va traduir, amb tota bona fe, per Jesus feia l'andorrà [...] El Manual Digest ja esmenta aquesta característica dels andorrans, que cal atribuir a la necessitat històrica de mantenir la sobirania a cavall dels dos poderosos estats veïns.” (Bayard Taylor. *La República dels Pirineus*. Andorra, 1867).*

[http://reflexionsencatala.blogspot.com/2007_09_01_archive.html] [29.08.2013] ⁶⁸

4.5. *¡Yo, argentino!*

Debo ó profesor uruguayo de Atenas Carlos Crida a información de que en Uruguay para expresar indiferenza ante un asunto, para dicir que un se desentende dalgo do que se fala ou das consecuencias dun problema, para manifestar que non intervén, que non quere da-la súa opinión, usan a fórmula *Yo, argentino!* E engádeme que no *Diccionario del español del Uruguay de la Academia Nacional de Letras* (Montevideo: Ediciones de la Banda Oriental, 2011, páx. 97) no lema *argentino, -a*. di o seguinte:

⁶⁷ “Se vos digo que si, non me ides crer; se vos fago preguntas, non me ides responder” (Lc 22, 67-68).

⁶⁸ Información de Joan Anton Rabella i Ribas.

¡yo, argentino! fr. esp. *Fórmula con que se advierte a alguen el desentendimiento de las consecuencias de un problema. Morf.: El adjetivo concuerda con el género del referente.*

Neste caso, parece que se coñece a motivación inicial segundo me comunicaba o propio Prof. Carlos Crida:

“Ayer, una compatriota uruguaya me informó de que la expresión yo, argentino había surgido en la Argentina, cuando sus ciudadanos eran detenidos por la policía y se identificaban como tales para diferenciarse de los inmigrantes italianos anarquistas. Explicación muy lógica y que concuerda con el uso de esta expresión por los mismos argentinos, tal como me dijeron dos colegas de la Universidad de Rosario, con el mismo sentido que tiene en Uruguay”.

Se esta explicación é, como supoño, a correcta, percíbese unha rápida derivación semántica da motivación inicial. Tamén isto é normal na vida dos fraseoloxismos.

4.6. *Hacerse el sueco*

É moi común en castelán e o DRAE defínea como “Desentenderse de algo, fingir que non se entende”. Corren dúas motivacións. A primeira, que este *sueco* ten que ver con *zueco* (galego *zoco*, do latín *soccus*) e que é un zapato rústico con piso de madeira que aínda se usa en Galicia e do que posiblemente proceda a palabra *zoquete* (“tarugo de madeira corto e grosso”) pero que tamén designa unha persoa torpe. A segunda motivación que corre é que os mariñeiros suecos que atracaban en portos españois aproveitaban o seu descoñecemento do idioma local para entenderen só o que lles interesaba ⁶⁹. Sexa unha destas ou sexa outra, en definitiva esta loc. expresa unha ignorancia finxida, interesada, teatral.

5. ¿Cales son os elementos en que se apoia esta proscrición dos habitantes de certos núcleos habitados?

5.1. Sociocentrismo e grupos de referencia negativos

O sociocentrismo tal como o define Caro Baroja (1990: 277-306) consiste en crer que un grupo humano é o máis digno de terse en conta. Isto internamente axuda a definir e cohesionar-lo grupo étnico, xeográfico, social ou político (principio de identidade) e externamente axuda a diferencialo doutros grupos equivalentes (principio de contraste).

Pero, aínda que o pareza, os elementos xeográficos, os recursos económicos, os produtos, o carácter e a historia non son os únicos elementos que configuran a imaxe social dun grupo. Importa moito (e por veces máis) o relato resultante de cada grupo. Marcial Gondar observa agudamente que, como ninguén pode vivir sen unha identidade colectiva, todo grupo perfila a súa identidade utilizando ou creando un *grupo de*

⁶⁹ [<http://www.muyinteresante.es/cultura/arte-cultura/articulo/icual-es-el-origen-de-la-expresion-hacerse-el-sueco>]

referencia negativo, que considera paradigma do que non se debe ser nin facer (Gondar 1993: 16-25).

Gondar observa que a utilización do outro grupo como negativo do noso grupo, coma a outra cara da mesma moeda, desprestixia o alleo para exalta-lo propio. Pero isto pon á vista que somos nós os que construímo-la imaxe do outro grupo; os que o facemos ser unha unidade compacta e homoxénea (“Todos os cataláns, andaluces, portugueses... son...”).

Canto máis incentivemos esa dimensión negativa, máis convertemos o outro na quintaesencia da maldade. Se temos en conta que os opostos pertencen sempre ao mesmo xénero, canto máis denigramos o de fóra, máis nos ensalzamos a nós mesmos en canto que pasamos a encarnar a característica contraria. Como se ve, cando parecía que estábamos a falar simplemente do outro, no fondo, estamos referíndonos a nós mesmos (Gondar 1993: 19).

Na elaboración desa imaxe grupal conta moito a historia (o que a ese grupo lle vai acontecendo) e conta a economía (un grupo pobre terá peor imaxe ca un grupo rico). Pero, como queda dito, contan sobre todo os outros grupos equivalentes: os mesmos feitos acaban tendo relatos moi distintos e interpretacións moi diferentes “dentro e fóra da casa”. A imaxe exterior que proxecta un grupo rico, eficiente e poderoso ten un eco que potencia a autoestima do grupo. A imaxe exterior que proxecta un grupo pobre (mesmo sendo equivocada ou intencionadamente falsa) potencia o sentimento de inferioridade do grupo. O delicado deste proceso é que un adquire unha imaxe (de virtudes e de defectos naturais) que non son froito da propia conduta senón que se adquiriron por nacer ou residir nun determinado lugar (ou ter unhas certas características físicas).

Estados, nacións, grandes corporacións empresariais e algunhas grandes cidades teñen hoxe organismos que coidan a “marca” do grupo, gastan importantes cantidades de diñeiro nela e a ela condicionan a súa política interna e externa. Eventualmente poñen en marcha accións xurídicas ante os Tribunais para defende-la “marca” ou o honor do grupo.

Nos grupos pequenos nada diso existe ou é moi difícil conseguir que exista: a consecuencia é que neste nivel os grupos secundarios (ou economicamente perdedores) teñen peor imaxe externa e, por veces, tamén interna, porque acaban interiorizando o relato hostil alleo ⁷⁰.

De todo isto resulta que, en boa medida, nós sómo-lo que outros fixeron de nós; que as identidades son estratexias e que esas presuntas fotografías do outro grupo, se ben se mira, son armas para enfrontarse a el (Gondar 1993:20-22).

Baixando ó nivel que nos interesa e referíndonos exclusivamente ó material galego, vexamos agora cales son os elementos que simbolicamente se utilizan como degradantes.

⁷⁰ Véxase o dito na n. 6.

5.2. Posibles elementos lingüísticos

¿Por que os de Pontevedra atravesan máis de 20 km de montañas para iren encontrar na aldea de Cuspedriños (coa que non teñen relación funcional habitual) un referente de grupo humano pouco intelixente? ¿Por que se fixan nese, que está a 20 km, e non noutro máis próximo ou por que non van un pouco máis lonxe? A escolla non parece estar motivada pola distancia.

Sendo arbitrario o signo lingüístico, non habería por que encontrar unha motivación. Pero, necesitando formular algunha hipótese, coído que, en primeiro lugar, podería selo opacidade semántica do topónimo, pensando quizais, caprichosamente, que sitio de nome raro = sitio de xente rara. *Cuspedriños* non corresponde a ningunha palabra do léxico galego común; ninguén sabe o que significa: dende logo nada ten que ver con nenos de nome *Pedro* (afectuosamente Pedriños) e podería ser unha aférese de (*mar*)*cos petrinos* (“marcos de pedra”) ⁷¹. Ante esta opacidade, que sempre é un desafío para o falante, quizais alguén asociou erroneamente este topónimo coa palabra *cuspe* (saliva) e co verbo *cuspir* (“expulsar da boca [saliva ou outra substancia]”), feito feo que, se cadra, axudou a degradala. A asociación caprichosa é un elemento activo na evolución lingüística pero, para tomar esta hipótese en serio, habería que demostrala.

Outras veces a arbitrariedade pode vir de que un topónimo evoque algún significado negativo dunha palabra da lingua común. Algún dicionario galego define a palabra común *coirón* como “Vocablo de befa y de escarnio que se aplica a la persona entregada al libertinaje”. Podería ser que alguén asociase esa palabra co topónimo *Coirós*. As evocacións que suscita unha palabra común son subxectivas e incontrolables pero, para tomar esta hipótese en serio, tamén a habería que demostrar.

Outras veces a arbitrariedade podería vir de evocacións que suscita a fonética. Nos topónimos *A Canicouva* (Pontevedra), *Caamouco* (Ferrol) e *Correchouso* (en San Pedro do Castro de Laza) a opacidade únese a un elemento fonético (o ditongo *ou*) que a algunha xente lle resulta escuro e pouco elegante. Puido ser que as sutilezas subxectivas do fonosimbolismo (coas que, por veces, xogan os poetas) actuasen aquí como elementos subxectivamente degradantes dun topónimo. No terceiro exemplo puido influír tamén a semántica de *chouso* que significa “cerrado”.

Con todo, teño a sensación de que a eficacia denigrante destes elementos é secundaria, porque precisa o impulso previo doutros elementos sociolóxicos máis potentes.

5.3. Elementos sociolóxicos: nostalgia (finxida) e menosprezo (real) do sector primario

No material examinado vemos que a dignidade se gradúa coma nunha pirámide: arriba está a cidade que actúa de metrópole ⁷². Nun nivel medio está a beira do mar, tamén

⁷¹ O sintagma *marcos petrinos* (“marcos de pedra”) encóntrase en documentación medieval (*quomodo vadit in prono per illos marcos petrinos*: Braga 1057) aínda que non sexa referida a este lugar.

⁷² Menos frecuente é o caso no que a metrópole é a devaluada. Rabelais no cap. 7 do seu *Pantagruel* di que a xente de París *est sot par nature, par bequare et par bemol* (“é parva por natureza, por becuadro

dinámica que, por veces, actúa de metrópole fronte a niveis considerados inferiores. Na base da pirámide social está a aldea rural e na base da base, está a montaña. Pero internamente as cidades reproducen tamén esa pirámide e os barrios obreiros están na base padecendo o menosprezo das zonas consideradas céntricas, ricas e elegantes e, por iso, receptoras dos mellores servizos públicos.

En case tódolos casos examinados vese unha constante: quen carga de significado negativo o topónimo alleo é sempre alguén que vive nun núcleo diferente e goza dunha posición económica de (relativo) dominio. Son sempre núcleos máis urbanos ou máis desenvolto economicamente, porque viven da industria, do comercio, da cultura, da relixión, da multiforme burocracia urbana ou dunha aleación destes elementos. Pola contra, os que padecen unha denominación degradante son sempre núcleos de menor nivel económico e de menor presenza social. É obvio, polo tanto, que na creación e no uso destes fraseoloxismos funcionan relacións de poder.

Poñerei como exemplo os alcumes que tiñan no século XIX os lugares da parroquia de Santa Balla de Ponte Caldelas. Case tódolos lugares son directamente degradantes ou de oficio pouco digno; curiosamente o lugar de Caldelas, no que se sitúa a igrexa parroquial (e tamén a capital do municipio) leva o lustroso nome de *rexedores* (é dicir, “os que gobernan”): sería inverosímil que non fose dese lugar o autor anónimo desta lista de dicterios:

Ricos porcos, de Parada. Porcallóns, de Paradela. Cabriteiros, de Gradín. Probes de esprito, de Cuñas. Perfeitiños, os de Pazos. Triquillóns, de Caritel. Campadeiriños, da Fraga. Carrexóns, de Porto Souto. Raposos, os de Leixoso. Rexedores, de Caldelas (Ventín 2007: 263).

Estes núcleos con poder teñen en común o menosprezo dos que viven no sector primario. Este menosprezo, máis ou menos encriptado, é perfectamente compatible coa utilización do produto dese sector en beneficio propio (transformación, comercialización ou consumo directo). Pode parecer un paradoxo pero é inevitable, porque o sector primario rural e mariñeiro é o principio e alimento imprescindible de toda a economía, de toda a sociedade. Nunha situación extrema a humanidade podería sobrevivir sen lingüistas, sen banqueiros, sen enxeñeiros, sen futbolistas, pero non pode existi-la humanidade sen labregos e mariñeiros que día por día saquen da terra e do mar alimento suficiente para todos e para tódolos días.

É difícil encontrar un principio máis certo e indubitable en toda a teoría económica. Sen sector primario non pode haber sociedade. A pesar desta evidencia os que nunca viviron outra vida que a vida urbana, orgullosos dos seus “saberes” exclusivos de urbanitas, sempre tenderon a considerar inferiores as persoas do sector primario porque

e por bemol”) (cit. por Ugarte 2011:169). Se esta cita pode ser de autor (e non popular), aínda hoxe no Morrazo é común designar como *fodechinchos* a tódolos turistas do centro de España (especialmente madrileños), porque coa súa demanda elevan tanto o prezo do chincho ou xurelo pequeno, que as familias dos mariñeiros teñen que privarse de comer peixe tan sabroso nesa época (Castro 2005: 45). A nivel municipal vimos outro exemplo de retuque periférico en 2.4.2.

aparentemente carecen do refinamento urbano. Lémbrese o dito en 3.1. verbo do significado de *rusticus* en latín e percíbese a malevolencia terminolóxica que hai en que as nosas palabras *cortesía* e *urbanidade* veñan de *corte* e de *urbe* e eu pregúntome cómo se podería denominar a boa crianza rural, tantas veces máis delicada có habitual comportamento urbano: velaí como o secundario e adxectivo (saberes e estilo de vida) se converte en esencial e prioritario.

É certo que, por veces, do sector beneficiario saen expresións de simpatía ó sector primario mais non sempre son sinceras. Moitas veces se ten citado o poema de Horacio *Beatus ille*, no que se loa dende a cidade a vida rural: pero case nunca se di que ese poema acaba con estes versos

*haec ubi locutus faenerator Alfius,
iam iam futurus rusticus,
omnem redegit idibus pecuniam,
quaerit kalendis ponere* (Horatius 2,67-70).

que veñen dicir máis ou menos así: *En dicindo isto* [as marabillas da aldea], *o usureiro Alfio, que a pouco máis métese labrego, foi correndo recolle-lo diñeiro todo* [que emprestara] *e buscaba a quen emprestarlo o primeiro do mes seguinte*: é dicir, Horacio sabía ben que na cidade moitos teñen algunha vez un ataque de amor ó campo pero sen maiores consecuencias: coma a Alfio, o que realmente os move son os rápidos beneficios que se poden obter na vida urbana.

O propio turismo, que a nivel mundial traslada ciclicamente moitos millóns de persoas a zonas de sector primario, non deixa de ser un moderno *Beatus ille*.

Se ben se mira, o que provoca a minusvaloración da aldea é o feito de que o traballo rural e mariñeiro é duro e mal pago. Na cidade corre máis o diñeiro; e na aldea, menos. Por iso a cidade vale máis cá aldea. O diñeiro é o metro social; o criterio de valoración dos grupos humanos. A lingua é un espello desta fractura social e actúa como poderosa ferramenta de poder; aínda que tamén sexa espello de impulsos humanísticos que hai no corazón humano.

No contraste terra-mar, fronte á connotación negativa equivalente á que os mariñeiros lle poñen ós *do monte*, non percibo que a xente *de terra adentro* vexa a da beira do mar de forma tan negativa. Só perciben que é *máis rachada falando* (*vende o seu peixe* con menos circunloquio); que o baile tradicional é na costa máis brincado e menos maino; que a roupa da muller é alí máis curta pero non parece haber máis negatividade. Por iso me sorprende que haxa connotacións negativas asociadas a portos de mar nos Açores: quizais o carácter insular e volcánico non permita un verdadeiro rural.

5.4. Elementos políticos: inmigrantes, barrios obreiros, etnias viciñas.

Hai unha antítese social que é capital-periferia (que case nunca consegue disfrazar de xeografía o que é política económica) e unha antítese social que é indíxena-inmigrante

(esta menos eufemizada). Dentro das propias cidades hai tamén estereotipos negativos⁷³ que, sistematicamente, afectan a certos barrios obreiros, como vimos en 2.2.4. e 2.3.1. Contra 1960 moitas cidades denominaban *barrio de Corea* un barrio urbano que oficialmente tiña e ten outro nome. Nel situaba a opinión común a conflitividade primaria e iso, dalgún xeito, marcaba a tódolos veciños dese barrio. Criado ese *chibo expiatorio*, a sociedade descargaba nel toda a súa mala conciencia. Pero nunca lle deu mal nome a barrios elegantes nos que asentan as direccións de entidades bancarias que executaron sen escrúpulo unha brutalidade *de guante blanco* que provocou enorme sufrimento a moita xente, que nalgúns casos chegou á desesperación e ó suicidio.

Paradoxalmente a intelixencia, o rigor e a eficacia no traballo non admiten nin tanta variedade nin tanta espontaneidade popular. Como dixen en 4. eses conceptos están privatizados ou nacionalizados e teñen poderosos organismos que coidan de que esas marcas luzan sempre inmaculadas e que identifiquen sempre positivamente; con elas non se admiten nin bromas nin chistes: facelos sería descato ou crearía inmediatamente un conflito diplomático ou comercial. Son palabras maiores. A entidade identificada está por riba de todo.

Aínda que en Galicia, país de emigración, o volume de inmigrantes é baixo, a nivel global canto queda dito é aplicable ós inmigrantes, vítimas secundarias de fraseoloxía denigratoria. Tamén aquí se precisa dicir unha palabra. A emigración é o indicio certo dunha situación de extrema gravidade no país de orixe. Nesa situación os que saltan fóra, arriscando cegamente a súa vida, son os máis valentes, dinámicos, capaces. Iso significa que a emigración é unha sangría para o país de orixe (sempre marchan os mellores) e unha transfusión de sangue novo para o país receptor. É tamén é ben coñecido que moitos dos grandes innovadores teñen detrás, nalgún momento, a transfusión de sangue inmigrante. Pero ese sangue novo nunca se recoñece ata que triunfa.

Finalmente, os pobos veciños tenden a converte-la etimolóxica *rivalidade* en menosprezo. É cousa vella que xa se percibía no propio mundo bíblico. Os xudeus de Xerusalén, Belén ou Emaús (severos no litúrxico pero pactistas con Roma no político) menosprezaban os galileos de Nazareth ou Tiberíades (pouco interesados nas sutilezas teóricas e litúrxicas da Torah pero máis levantiscos no político). Para un veciño de Xerusalén Galilea era un territorio degradante, porque ademais falaba arameo. No evanxeo de Xoán cóntase que, cando Filipe quedara marabillado pola potente personalidade de Xesús, convidou o seu amigo Natanael a ilo coñecer. A reacción inicial de Natanael foi típica do que vimos falando: *—¿Pero de Nazaret pode saír algo bo?* (Xoán 1,46). Ser galileo non abría portas en Xerusalén. Pero entre Xudea e Galilea aínda estaba a rexión de Samaría, un territorio difícil para os do norte e para os do sur cando pasaban⁷⁴: cando Xesús baixa a Xudea (Lc 9,51-56), prodúcense sorpresas en Samaría; e cando da Xudea sobe a Galilea (Xn 4, 1-42) prodúcense sorpresas en Samaría; pero Xesús, o galileo, en Lc 10,

⁷³ Nin podemos esquecer que nas cidades hoxe hai estereotipos negativos, pero moi activos, entre siareiros de diferentes equipos de fútbol que personifican cidades ou barrios enteiros.

⁷⁴ Lémbrese que Galilea, Samaría e Xudea era rivais, mesmo no sentido etimolóxico de *rivales* “que teñen que compartí-las augas do mesmo río (*rivus*)”, neste caso o río Xordán.

25-37 acaba poñendo de modelo de humanidade precisamente unha persoa samaritana: encontrara tirado nun camiño un home a quen roubaran e deixaran medio morto; e el fíxolle as primeiras curas, levouno a unha pousada e pagou a hospitalización. Antes pasaran un sacerdote e un clérigo e fixeran coma quen que non viran nada.

5.5. A historia xera arbitrariedade

Pero todos estes elementos precisan a forza implacable do paso do tempo que, do mesmo xeito caprichoso que esquece a maior parte do que acontece no mundo, tamén caprichosamente garda memoria das chatas de certos individuos, caprichosamente esténdelas a todo o colectivo do que formaron parte e caprichosamente mantén viva esa marca colectiva. O uso mantén o ditame social sobre un colectivo pero, tempo andando, xa ninguén coñece a motivación (¿por qué os bátavos? ¿por qué os beocios? ¿por qué os de Angrois?): é dicir, a cualificación negativa é absolutamente arbitraria.

No seguinte cadro trato de sintetiza-los elementos que en Galicia negativizan un grupo.

| | | | |
|----------------------------|---------------------|----------------------------------|--|
| Elementos negativos | Lingüísticos | Opacidade semántica | Cuspedriños, A Canicouva, O Cadramón, Petelos, Angrois, Cambás, O Picato, Fazai, Lanzós, Estelo, Rouzós, Correchouso. |
| | | Evocacións semánticas | Cuspedriños Cacheiras, Coirós. |
| | | Fono-simbolismo | A Canicouva, Caamouco, Correchouso, Rouzós, Berbetouros. |
| | Sociolóxicos | Sector primario | Case tódolos topónimos galegos citados, entran, dun xeito ou doutro, neste concepto. Máis negativo o rural có mariñeiro. |
| | | Montaña | A Canicouva, Angrois, Cuspedriños, Cacheiras, O Cadramón, Lindín, Estelo, Rouzós, Limiaos Correchouso. |
| | | Lonxanía Invisibilidade | Muros , Cuspedriños, O Cadramón, Petelos, Coirós, Cambás, Montecuruto, Rouzós. |
| | | Barrios | As Sindicais, A Cheda, Garabolos, Piúgos. |
| | | Inmigración Rivalidade económica | Belgas (F), Polacos (EEUU), Galegos (AR) Rivalidades económicas múltiples. |

6. A fixación fraseolóxica ten data de caducidade: o sintomático caso de Angrois

Se ata aquí este artigo non fixo máis ca constatar realidades tristes, dobremente tristes por seren universais, o que segue está escrito con esperanza, porque a fixación fraseolóxica non é para sempre.

6.1. Obsolescencia das locucións referidas a Angrois

En case tódolos fraseoloxismos galegos que citei observei esta constante: a xente menor de 40 non os usa ou mesmo os descoñece ⁷⁵. Mesmo en Compostela a xente de mediana idade xa descoñecía que Angrois arrastrase entre os maiores esa mala imaxe.

Como decía o outro, o mellor amigo do home non é o can, senón o chibo expiatorio, porque a todos nos gusta ter sempre un a man. Estas xeografía case imaxinarias, que chegaron a nós antes pola fala e por prexuízos que por coñecemento do terreo, están xa en trance de desaparición, como todo, de non teren acadado vida propia no mundo da hipercomunicación mediática [...]. Destas xeografía imaxinarias escribiu unha vez Xavier Alcalá. Non sei se sería na revista de boa memoria e pouca vida, 'Animal'. O caso é que non a atopo e desde aquel momento as circunstancias cambiaron. Daquela as expresións estaban vivas. Ultimamente teño feito a experiencia cos meus alumnos e case ningún lle di nada o de 'pareces de Rouzós'. Si, pola contra, sonlle familiares os chistes sobre os de Lepe, ou os prexuízos nacionais -e mesmo autonómicos- por teren acadado esa vivencia mediática, catódica ou plásmica de arestora (Vázquez-Monxardín: 2010).

A moitas persoas que teñen menos de 40 anos só lles resultan vivos, como di Vázquez Monxardín, os que perviviron ou se crearon nos modernos medios de comunicación (os de Lepe). Pero esa falta de información verbo dos arredores das cidades xa é unha resposta valiosa; moi valiosa, porque indica que estes tópicos de clase (rural-urbano) felizmente caeron en desuso. Algo aconteceu que os fixo inoperantes e os retirou da circulación. ¿Que é ese algo? ¿Por que desaparecen do uso?

6.2. A transformación da aldea

Os lugares de estereotipo negativo son aqueles onde a xente vive inevitablemente pobre. É unha lóxica inhumana pero é lóxico. Ten a súa dignidade a pobreza pero todo o mundo aspira naturalmente a un razoable benestar.

Mais tamén hai un segundo elemento: a incomunicación. A abundancia de fontes e ríos e a política monástica de arrendamento de terras en foro transmisíbel a fillos e netos provocou que a xente en Galicia non vivise agrupada en núcleos urbanos senón (coma en Bretaña e en Irlanda e en menor medida na España cantábrica) dispersa e ó pé das pezas de terra que cultivaba. Por iso moitos núcleos habitados de Galicia non chegaban nin chegan ás seis vivendas. Ben pois ata 1960, máis ou menos, moitas das 36.000 aldeas de Galicia carecían dunha estrada que permitise a chegada dun automóbil e a moitas aínda non chegaba a electricidade. Aldea era sinónimo de vida austera e de incomunicación. Contra 1950 en Padroso (Xunqueira de Ambía) aínda se consideraba un matrimonio moi vantaxoso *casar para o pé da carretera* e o mesmo acontecía en Garabás (Maside) con *casar na carretera* ⁷⁶ e *casar a carón da carretera*

⁷⁵ Os mecanismos de degradación verbal entre a mocidade actual son outros: as filias e fobias deportivas, as de grupo social, cultural ou político.

⁷⁶ Información que debo a Víctor Estévez.

(Rubinos 2013:491), locucións nas que curiosamente se usa o nome castelán da *estrada*. Esta incomunicación era a que permitía que a aldea tivese comportamentos asimétricos coa vila (o máis chamativo, o lingüístico ⁷⁷).

Pero entre 1965 e 1985 os 36.000 lugares rurais de Galicia pagaron a chegada da electricidade e construíron con prestación veciñal (e algunha axuda pública procedente dos impostos pagados) unha estrada que os conectou á “civilización” e que, no peor dos casos, permitiu que un automóbil chegase ata calquera aldea. Este artigo estase redactando nunha aldea que aínda hoxe segue tendo as súas cinco vivendas, pero á que chegan o pan e peixe antes das nove da mañá e na que estou conectado á internet.

A aldea cambiou moito. Tanto que as aldeas próximas ás cidades estanse convertendo en lugares residenciais de alto nivel. A xente nova xa non ve o que aínda se vía hai cincuenta anos. E, faltando os referentes, iso afecta á lingua. Angrois non é hoxe o que era en 1950 ⁷⁸.

6.3. Angrois destrúe a semántica dos fraseoloxismos nos que figura

6.3.1. ¡Vai feita unha Berenguela!

En boa parte de Galicia no inicio deste século XXI aínda se mantén vivo o costume, considerado celta, de que os días de festa teñen o seu inicio e punto forte na noite anterior. Así é aínda hoxe nas grandes romarías galegas. E, por esa razón, tamén a festa de Santiago (25 de xullo) ten en Compostela boa parte da súa dilatada intensidade na noite do 24 ó 25. Contra a medianoite abarrotan a praza do Obradoiro os espectáculos de pirotecnia (*os Fogos do Apóstolo*, nos que curiosamente se queima un simulacro de catedral) e tamén os de luz e son. Despois a festa musical e gastronómica dura unha noite sen fin e, segundo abre día, vai engadindo pasarrúas musicais e manifestacións relixiosas, políticas e culturais, converténdose no *Día de Galicia*. É un dos días no que se concentran en Santiago máis cidadáns de toda Galicia pero tamén é un dos días no que hai máis peregrinos, máis turistas, máis autoridades estatais e, consecuentemente, máis forzas de seguridade.

Unha tradición xa algo esquecida di que esa noite as mulleres irradian en Santiago máis beleza ca nunca en todo o ano. A vella tradición merece contarse porque callou nun fraseoloxismo santiagués.

A emperatriz Berenguela (1116-114) ⁷⁹, esposa de Afonso VII o Emperador, enterrada na capela das reliquias da catedral de Santiago, foi muller de beleza senlleira. Otero Pedrayo di que o acredita a proverbial fermosura, recato do rostro e elegancia do

⁷⁷ A aldea era monolingüe galega, mentres que a vila ou a cidade eran bilingües con exclusivos e indiscutibles privilexios para a lingua oficial do Estado.

⁷⁸ Un recentísimo artigo de Neira Vilas (Neira 2013) dá conta de que hai sesenta anos veciños de Angrois traballaban como carreiros de grandes pesos e non pequenas distancias nos seus característicos carros romanos de dous eixes, case únicos en Galicia.

⁷⁹ Trátase de Berenguela de Barcelona, filla de Ramón Berenguer III, conde de Barcelona, e de Dulce de Provenza; irmá, polo tanto, de Ramón Berenguer III, conde de Barcelona. Casada con Afonso VII o Emperador, foi nai dos reis Fernando II de León e de Sancho III de Castela.

tocado e indumentaria da súa estatua xacente (Otero 1964: 595). Unha vella tradición oral compostelana asegura que ten permiso de Deus para saír do seu sartego unha vez por ano, precisamente nesa noite dos Fogos do Apóstolo, e pasear entre a xente; e que Deus tamén lle dá o poder máxico de, esa noite, contaxia-la súa elegante beleza ás santiaguesas que esa noite vemos máis intensamente elegantes e garridas ca nunca. De feito o máis grande piropo que se lle pode botar en Santiago a unha moza que pasa é o de *¡Vas feita unha Berenguela!*

6.3.2. *Ser / parecer / facerse de Angrois: incíase o cambio semántico*

Neste ano 2013, cando eran as 20:41 do 24 de xullo e Santiago fervía de xente a punto de inicia-la súa gran noite, a noite da beleza das berenguelas en Compostela, aconteceu unha inmensa desgraza, a tres quilómetros da estación de ferrocarril: un tren híbrido Alvia, de alta velocidade, que viña de Madrid con destino Ferrol con 218 pasaxeiros e 4 tripulantes, colleu a curva da Grandeira, en Angrois, ó dobre da velocidade permitida e descarrilou aparatosamente. Das 222 persoas que viaxaban no tren, preto de 140 resultaron feridas e 79 morreron ⁸⁰.

Traio a esta revista o dato porque nos vai permitir asistir in vivo a unha transformación fraseolóxica, fenómeno que non sempre se pode detectar, porque, como xa escribín noutro lado

As linguas son códigos milenarios e para explicar unha palabra case sempre temos que dar explicacións que nos remontan a mil, dous mil ou tres mil anos atrás. Só excepcionalmente témo-la ocasión de asistir a un feito lingüístico chamado a quedar para sempre na lingua. Coido que este é o caso das locucións que encabezan esta nota e merece explicarse.

<http://portaldaspalabras.org/noticia/ser-de-angrois> [5.8.2013].

Nesa hora 20:41 do 24 de xullo de 2013 os tradicionalmente deostados veciños de Angrois sentiron unha enorme explosión e un fume que fixo pensar nunha bomba. Pero axiña se decataron de que no campo da festa había unha parte dun tren con feridos dentro que pedían auxilio ⁸¹. Asomáronse e na vía, que alí pasa profunda, viron o resto da catástrofe: un dos vagóns estaba ardendo. Inmediatamente deron a alerta ás autoridades pero na primeira e trágica media hora eles foron a única conexión coa vida para moitos dos viaxeiros. Sen pensalo máis, sen pensar en se na vía había electricidade ou se por outra vía podía aparecer outro tren, baixaron a axudar a saír do tren ós que estaban dentro atrapados e indemnes ou feridos ou xa mortos ⁸². No vagón que ardía entraron a axudar a saca-los feridos.

⁸⁰ [http://gl.wikipedia.org/wiki/Accidente_ferroviano_de_Angrois_de_2013].

⁸¹ Entre os innumerables datos humanos desta traxedia está que nese primeiro vagón que saltou ó alto e caeu no medio da aldea de Angrois viña Ana Belén Leis, santiaguesa de 37 anos, residente en Villena (Alicante) e que viña precisamente a Angrois onda os seus pais e a quen os solidarios veciños recoñeceron inmediatamente e axudaron a saír con ben.

⁸² “Como xa dixen no do Funambulista Coxo, ás veces danse reaccións a medio camiño entre o instintivo (dar axuda sen pensar) e o racional (solidariedade)”. Comentario de Xerardo Vidal. [<http://perfectoconde.blogspot.com.es/2013/07/os-de-angrois.html>]. [31.7.2013].

Facía falta de todo e os veciños de Angrois baleiraron as súas casas de toallas, de sabas, de mantas e de botellas de auga e mesmo desmontaron as portas dos armarios para podelas utilizar como primeiras padiolas. Houbo quen non parou de facer infusións en potas de caldo. E quen non podía facer outra cousa, simplemente acariñaba un ferido no chan⁸³; un destes feridos, que era un neno, só dicía: *¡Señora, non me marche, por favor!* A alerta axiña mobilizou o auxilio de bombeiros, sanitarios e forzas de orde. Os testemuños gráficos enchen numerosas páxinas de internet⁸⁴ e o accidente xa ten entrada propia en 38 idiomas da Wikipedia.

En canto empezaron a chegar medios técnicos, os veciños puxeron á disposición as súas hortas para que as ocupasen grúas, ambulancias e mesmo medios de comunicación. O relato que os medios de comunicación empezaron a facer desta xenerosidade empezou a contaxiarse e moita xente mobilizouse en toda Galicia: médicos, enfermeiros e psicólogos presentáronse voluntariamente nos hospitais para axudar; os bombeiros suspenderon a folga que mantiñan; milleiros de persoas presentáronse a doar sangue (as *berenguelas* de Compostela, as primeiras): vímolo na TV. E cando o servizo quedou nas mans do profesionais, os veciños de Angrois discretamente retiráronse.

Angrois foi durante días a antítese da indiferenza ou da pouca intelixencia. Angrois foi unha explosión contaxiosa de solidariedade total e de intelixencia superlativa. Angrois foi o que tódolos galegos queríamos ser. Angrois foi o mellor que hai en nós.

6.3.3. Prodúcese un cambio semántico radical

Diante daquela explosión de intelixencia e xenerosidade á que moitos asistimos conmovidos pola radio primeiro e pola TV despois, os que xa temos algúns xaneiros empezamos a preguntarnos *¿pero ser de Angrois non era ser parvo? ¿e facerse de Angrois non era inhibirse e ser insolidario?*

Constatee que en diferentes lugares de Galicia a xente menor de trinta anos, que xa non oíra en vivo estes fraseoloxismos, estábase facendo esta mesma pregunta. Preguntaban mesmo os xornalistas que non eran de Compostela. A traxedia de Angrois, na curva da Grandeira, confrontounos a moitas preguntas.

Non faltaron nos días seguintes expertos que, como quitándolle mérito, dixesen que aquela explosión de xenerosidade dos veciños de Angrois era a habitual nestes casos. Estou seguro que no mundo rural, si (polo menos no galego⁸⁵) pero xa non estou tan seguro de que sexa tan habitual no mundo urbano, aínda que tamén se viron casos así o

⁸³ [<http://www.abc.es/local-galicia/20130726/abci-vecino-angrois-tras-accidente-201307261040.html>].

⁸⁴ Simplemente con poñe-la palabra “Angrois” no buscador de imaxes de Google, o lector poderá encontrar, entre moitas fotos innecesarias, imaxes de solidariedade e ternura superlativa.

⁸⁵ Na Galicia rural, cando acontece unha desgraza ou unha perda, normas non escritas de obrigado cumprimento prescriben a axuda mutua compensatoria. Poñerei un caso que se acaba de vivir na aldea de Caritel nestes días de agosto de 2013, nos que redacto esta nota de urxencia. O raposo entrou pola noite no poleiro de Delia Malvar e matoulle as galiñas todas. Sen necesidade de asemblea veciñal ningunha, ó outro día entraron pola porta de Delia os veciños e déronlle cadansúa galiña ata repoñeren a cantidade de galiñas que Delia tiña. Este código non está promulgado no Diario Oficial de Galicia pero o cumprimento é seguro.

11.3.2004 en Madrid. Pero hai un exemplo recente: doce días antes, o 12.4.2013, 28 km ó sur de París (Notre-Dame), en Bretigny-sur-Orge tamén se producira un accidente de tren con seis mortos e trinta feridos; e segundo publicou a prensa francesa a Policía queixouse de que a xente que estaba por alí, en vez de socorre-los feridos, dedicouse a facer fotos e vídeos cos seus teléfonos móbiles; e de que mesmo houbo quen aproveitou para roubar maletas e teléfonos que quedaran polo chan ⁸⁶. O de Angrois foi excepcional ⁸⁷.

A altura ética percíbese en como os protagonistas foxen da prensa e como algúns chegaron a sentirse molestos da insistente presenza dos micrófonos.

Aquí pasou o que pasou. Todos somos un: pasa algo arriba e imos alá arriba. Pasa abaixo, e marchamos para abaixo. Fixémo-lo que puidemos. Non hai máis que contar nin máis que falar. Agora só desexamos que os feridos melloren e poder volver á normalidade. O malo é non podermos durmir coa lembranza do que vivimos e vivimos.

[<http://www.sermosgaliza.com/artigo/galiza/angrois-existia-antes-do-24-x/20130803072702017857.html>]

En Angrois todo o mundo ten horta e animais na casa ⁸⁸. Tamén hai algúns xardíns. Nas hortas e xardíns das casas de Angrois situáronse cámaras de TV de medio mundo. E alí á vista do mundo Angrois lavou unha imaxe arbitraria (ou de motivación esquecida) e apareceu ó mundo radiante e cargada de connotacións positivas: xente compasiva, solidaria, xenerosa e intelixente. Nas redes sociais falábase de maneira unívoca de Angrois e esa univocidade contradecía abertamente a semántica que aínda recollían publicacións de 1970. Constatei que moita xente, maiormente universitarios doutras

⁸⁶ No día seguinte [13.7.2013], Le Monde citaba testemuños segundo os cales *une trentaine de jeunes venus des environs auraient tenté de 'voler' des effets des victimes, sacs, portables ou autres et caillassé les pompiers qui intervenaient, avant d'être évacués hors du périmètre par les CRS. // 19.7.2013 Brétigny-sur-Orge : T'as trouvé quoi dans les bagages? Christophe Crépin, porte-parole du syndicat, qui était sur place, parle d'«une quarantaine de voyous. Il y avait des gens qui étaient en train de perdre leurs bras ou leur jambe, et d'autres sont venus voler leur montre ou leur portable! (Christophe Crépin. Unsa-police) (Le Figaro (19.7.2013). A 17h30, alors que nos collègues interviennent, ils voient un groupe de jeunes [] présents pour dépouiller les victimes et notamment les premiers cadavres. (Slate.fr 19.7.2013).*

⁸⁷ Obviamente, pola miña cabeza non pasa establecer un contraste Angrois–Bretigny nin, menos aínda, Galicia - Île-de-France: chégame con ve-los terribles, reiterados e absurdos incendios forestais de Galicia, que case nunca vin nas *forêts* francesas, para comprender que o mal vai en nós sempre como unha posibilidade tentadora e destrutora. Pero si coído que a aldea e a cidade teñen un pulso humano moi diferente. Cristina Sánchez Carretero (*La Voz de Galicia* 24.10.2013), antropóloga especialista en duelos, dicía que actualmente se está consolidando o tabú da morte que substitúe o tabú do sexo: distanciamonos da morte, apartámo-los nenos, e deixamos este asunto nas mans de profesionais en tanatorios. Estase en contacto a través dos outros, da televisión. Os rituais de duelo limitáanse á familia e poucos amigos. En cambio nos atentados ou catástrofes a xente non espera que as institucións lle digan en que lugar hai que reunirse: monta altares onde considera que aí desapareceu a vida. En Angrois tamén houbo estes altares pero non duraron porque eran de xente de fóra. A diferenza é que os veciños de Angrois sentiron a morte de xente descoñecida coma se fose propia, coma se fose a dun familiar directo. E precisaron respostas e atención psicolóxica intensa.

⁸⁸ “Gando hai menos. Ao que houbo! Agora hai un rapaz con seis vacas pero antes en cada casa había dúas ou tres. Galíñas e porcos hai en todas” [<http://www.sermosgaliza.com/artigo/galiza/angrois-existia-antes-do-24-x/20130803072702017857.html>].

partes de Galicia, descubriron neses dous días os vellos fraseoloxismos e impuxeron co uso a nova semántica que podíamos sintetizar así:

| | Valor semántico polo menos ata 1970 | Nova semántica dende 24.7.2013 |
|---------------------------|---|---|
| <i>ser de Angrois</i> | Ser parvo, toscos, inexperto. | Ser rápido en reaccionar, xeneroso, solidario, “unha das cousas máis decentes, máis nobres e máis emocionantes que se pode ser en Galicia.” |
| <i>parecer de Angrois</i> | Parecer parvo, toscos, inexperto. | Ser rápido en reaccionar, xeneroso, solidario. |
| <i>facerse de Angrois</i> | Facerse o parvo; finxir non entender para inhibirse; desentenderse das obrigas. | Comprometerse de maneira inmediata e sen reservas na axuda que outros precisan. |

6.3.4. A consumación do cambio fraseolóxico: agora todos queren ser de Angrois. O espírito de Angrois.

Nunca puidemos asistir a unha tan repentina destrución da fixación fraseolóxica e a un tan repentino e radical cambio semántico. Foi determinante a publicidade do feito, que tivo inmediato alcance mundial por radio, por TV e polas redes sociais. Inmediatamente empezaron a chegar de todo o mundo mensaxes eloxiosos para esta aldea de nome único. Os de Angrois son os novos samaritanos. En poucos días na prensa saíron titulares que desmontaban para o mundo enteiro un fraseoloxismo de ámbito local: Angrois é un símbolo mundial positivo. Con estes elocuentes testemuños remata esta homenaxe:

Accident ferroviaire: les habitants de Angrois toujours sous le choc
 Le Monde. [<http://fr.euronews.com/2013/07/26/accident-ferroviaire-les-habitants-de-angrois-toujours-sous-le-choc/>] [26.7.2013]

Agora todo o mundo quere ser de Angrois
 [<http://www.elcorreogallego.es/portada/ecg/agora-todo-mundo-quere-ser-angrois/idEdicion-2013-07-29/idNoticia-819312/>] [29.7.2013]

El orgullo de ser de Angrois (Andrés Guerra)
 [<http://www.revistavanitfair.es/articulos/el-orgullo-de-ser-de-angrois/17876/>] [31.7.2013]

Yo quiero ser de Angrois (Juan Jose Almagro)
 [http://cincodias.com/cincodias/2013/07/31/economia/1375287809_763266.html] [31.7.2013]

Angrois: Premio Príncipe de Asturias de la Concordia 2014 (Salvador Caracuel Rubio)
 [<http://www.change.org/es/peticiones/angrois-premio-principe-de-asturias-de-la-concordia-2014>] [31.7.2013]

Petición dirigida a: Xunta de Galicia. XUNTA DE GALICIA: MEDALLA DE GALICIA VECINOS ANGROIS por labor #solidaria en #tragediatren

[<http://www.change.org/es/peticiones/xunta-de-galicia-medalla-de-galicia-vecinos-angrois-por-labor-solidaria-en-tragediatren>] [31.7.2013]

El BNG pide que se retire de una enciclopedia la definición de los vecinos de Angrois como «parvos». La Gran Enciclopedia Gallega atribuye ese significado a frases como «parece que ves de Angrois» o «¿coidas que son de Angrois?»

[<http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/galicia/2013/08/22/bng-pide-retire-enciclopedia-definicion-vecinos-angrois-parvos/00031377188255113227848.htm>] [23.8.2013]

Pese a que se dice que la sociedad está cada vez más deshumanizada, yo no vi eso allí, sino todo lo contrario. Vi una sobredosis de humanidad.

José Ramón Sánchez. Xefe de Bombeiros de Santiago. *Faro de Vigo* 24.8.2013; páx. 20.

[La ciudad de] San Fernando entrega el próximo viernes la Medalla de la Ciudad a los vecinos de Angrois [...]”El suceso de aquel 24 de julio no se nos olvidará jamás, pero tampoco desaparecerá de la memoria colectiva de La Isla la actitud solidaria, la humanidad y el pundonor de los vecinos de esa parroquia de Santiago de Compostela”.

[<http://www.diariodecadiz.es/articulo/sanfernando/1616627/san/fernando/entrega/proximo/viernes/la/medalla/la/ciudad/los/vecinos/angrois.html>]

El Tribunal Supremo, Sara Baras y los vecinos de Angrois, entre los homenajeados el 24-S [por la ciudad de San Fernando en el 203 aniversario de las Cortes de la Isla de 1810]

[<http://www.diariodecadiz.es/articulo/sanfernando/1601880/tribunal/supremo/sara/baras/y/los/vecinos/angrois/entre/los/homenajeados/s.html>]

El príncipe apela al ‘espíritu’ solidario de Angrois para “superar la adversidad”

<http://www.rtve.es/noticias/20131025/principe-apela-espíritu-solidario-angrois-para-superar-adversidad/777220.shtml>

Angrois significa solidaridad. La Enciclopedia Gallega revisará el texto peyorativo sobre este lugar

http://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/santiago/2013/12/01/angrois-significa-solidaridad/0003_201312S1P16991.htm

Mesmo naceu un novo sintagma: *o espírito de Angrois*, que tres meses despois tería xa 9820 citas en Google, e que consistiría precisamente neste socorrismo instantáneo, espontáneo e colectivo ante unha traxedia, sen facer preguntas, sen facer diferenzas, sen esperar polos técnicos profesionais destas cousas, sen perder tempo en analizar causas e buscar culpables; un socorrismo que pon o 100% da súa atención e dos seus recursos nos feridos; un socorrismo non profesional que pode chorar sen disimulo cos feridos pero que lles dá tal dose de calor humana que fai que sobrevivan ata a chegada dos curadores profesionais. Coido que é o 31.7.2013, sete días despois, cando entra en circulación este sintagma ⁸⁹. É sorprendente que no momento en que os representantes

⁸⁹ También coincide con la explicación que nos da Paco Vázquez para ese ‘espíritu de Angrois’: “Las imágenes de la gente ayudando no me extrañaron. En Galicia continúa una forma de vida, tres generaciones en una misma casa, que en las grandes urbes ha desaparecido. Los pueblos siguen siendo familias en donde se conocen todos... Si pienso en el mío, sé que todos hubiesen hecho lo mismo. Ese vídeo de Youtube

políticos utilizaron ese sintagma empezou a ser obxecto de controversia semántica (¿solidariedade espontánea e salvadora ou ascensión do pobo organizado porque os mecanismos do Estado desapareceron?) e pragmática (¿con que intención se apela a ese espírito?). Ese radical desacordo no contido e función do sintagma fai que aí mesmo iniciase o descenso no uso constatable na Rede.

Pero este *espíritu de Angrois*, que se ten por característico de sociedades insuficientemente urbanizadas e aínda non anónimas, sería algo menos localizado: sería *ante litteram* a mesma marea de solidariedade con que Galicia loitou para salva-la Costa da Morte cando o petroleiro Prestige afundi fronte ás costas galegas o 19.11.2002, producindo unha inmensa marea negra que afectou as costas entre o norte de Portugal e as Landas francesas pero que concentrou a catástrofe ecolóxica nas costas galegas. Daquela tamén se puxo en marcha unha marea humana de salvamento ecolóxico da costa. O *espíritu de Angrois* sería, máis aló da materialidade do significante, a unión decidida de seres humanos que aprazan calquera diferenza ou discusión lexítima, para se concentraren na solución do problema; a unión de toda a sociedade na solución dun problema puntual grave.

Como se ve, o *espíritu de Angrois* sería o grao máximo de civismo nunha sociedade harmonicamente e solidariamente vertebrada. Estamos, en consecuencia, na antítese radical do que ata o 24.7.2013 significaba *facerse de Angrois*. E podemos datar exactamente o cambio semántico ou, se se quere, o nacemento dun neofrasoeloxismo: 31.7.2013.

6.3.5. Coda

A traxedia de Angrois, na curva da Grandeira, confrontounos como lingüistas a iso que chamamos *fixación fraseolóxica*. É moi relevante no caso de Angrois, coma en case tódolos paralelos mentados, o feito de que ignoramos cal foi o episodio que creou o dito e que lle deu unha fixación plurisecular. Consultei os mellores historiadores de Galicia e ningún me soubo lembrar un episodio que puidese motiva-la orixe destas locucións estudadas. A desmotivación bordea o arbitrario. ¿En que se funda esa fixación? ¿Canto dura? ¿Cando caduca? Ou, mellor ¿cando debe caducar, se a lingüística e as Academias forman parte diso que chamamos humanismo? Sabemos como funciona e canto costa a industria da boa imaxe. Pero ¿cando se libera un pobo da mala imaxe que a fraseoloxía dun veciño máis poderoso lle impón como un pecado orixinal?

A historia rexistra moitos casos nos que unha palabra que durante tempo feriu unha comunidade acaba converténdose nun título glorioso, coma se trala cruz estivese sempre a resurrección. Só amentarei dous casos: pasou co *tertium genus*, co que alcumaban os cristiáns no século II (Tertuliano: *Ad nationes* 1,1,8)⁹⁰; pasou co alcume de *charros* con

en que alguien se desmaya y la gente lo rodea y sigue caminando, eso en Galicia no pasa" [http://www.revistavanityfair.es/articulos/el-orgullo-de-ser-de-angrois/17876] [31.7.2013].

⁹⁰ *tertium genus deputamur* (non nos consideran romanos nin xudeus, "consideránnos unha raza de terceira") e eles convertérono en motivo de orgullo "a terceira raza", "a terceira xeración", é dicir, a novidade, o futuro que por fin chegou. (PL:641).

que galegos e portugueses designaban despectivamente os salmantinos ata mediados do s. XVI (Iglesias 2006: 374-375). Moitos dos grandes Estados de hoxe naceron de erguer como bandeira o que antes era motivo de ludibrio colectivo.

O 24.7.2013 tiveron a impresión de que tamén caducaban uns fraseoloxismos da miña infancia compostelá. E alegreime por Angrois, que son os nosos samaritanos. Pero alegreime por Angrois e Cacheiras; e por Cuspedriños e A Canicouva; e por Petelos; e por Coirós e Cambás; e por Montecuruto, Caamouco e San Mateo; e por Régoa e O Rabadán; e por Lanzós; e polo Picato e Fazai e Cheda e Garabolos e Cotá e Piúgos; e polo Cadramón; e por Lindín e Estelo; e por Rouzós; e polos limiaos de Xunqueira; e por Correchouso; e por Berbetouros e Berredo.

Pero tamén me alegreime polos valacos de Grecia; e polos de Paio Pires, da Lourinhã, os alentejanos; os de Aigualva, de S. Mateus, da Ribeirinha e de Rabo de Peixe en Portugal; e polos de Arbeca en Cataluña; e polos pasiegos, os de Lepe, os de Almendralejo e de Tomelloso na España castelán-falante; e polos belgas en Francia; e polos de Sant'Oreste en Roma; e polos de Ciarraí en Irlanda; e polos polacos nos EEUU; e polos galegos en Arxentina; e polos frisios orientais, os de Offenbach e os de Schilda en Alemaña, incluídos os de Dumsdorf, estea onde estea; en calquera parte do mundo en que estea.

E finalmente alegreime polos de Lalín e de Marín, e polos de Covas; e polos de Muros; e polos andorranos e polos arxentinos e os suecos. E por tantos que padecen o mesmo mal arbitrario pero non entraron neste curto relato.

7. Bibliografía

7.1. Bibliografía primaria

- CARVALHO COSTA, Alexandre de (1982): *Gente de Portugal. Sua linguagem - seus costumes*. Edición da Assembleia Distrital de Portalegre. I (1,2,3),1982; II,1983; III,1984; IV, 1985. O primeiro díxito indica o volume; o segundo, o tomo; os últimos, a páxina.
- CASTRO OTERO, Salvador e outros (2005): *Unha maré de palabras. Contribución ao léxico do Morrazo*. Xunta de Galicia, Museo Massó, s.l.
- CORDE Real Academia Española. *Corpus Diacrónico del Español* (CORDE). [<http://corpus.rae.es/cordenet.html>].
- MAYORAL, Marina (2013): “¿Seica somos de Angrois? En *La Voz de Galicia* 24.8.2013.
- MOREIRAS SANTISO, Xosé (1977): *Os mil e un refrás galegos do home*. Lugo: Edición do autor, 1977. Os tres últimos díxitos indican a páxina.
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1928): *O estudante*. Da triloxía *Os camiños da vida*. A Cruña: Nós.
- PÉREZ PLACER, Heraclio (1901): *Contos da veira do lar (Cuentos gallegos)*. Santiago: Ed. José Galí Camps, Santiago.
- RODGO2: RODRIGUEZ GONZALEZ, Eladio (1960): *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. TomoII. Vigo: Galaxia, 1960, 666 páxs.

- SACO2: SACO Y ARCE, Juan Antonio (1881-1887): *Literatura Popular de Galicia. Colección de coplas, villancicos, diálogos, romances, cuentos y refranes gallegos recogidos por Edición e estudio preliminar de Juan Luís Saco Cid*. Vigo: Servicio de Publicacións, Diputación Provincial de Ourense. [Esta edición corresponde ó manuscrito que se estaba imprimindo en 1881 cando o autor morreu].
- SIMÕES MARQUES, Isabel e TELETIN, Andreea (2011): “Quando os portugueses se vêem gregos ou a questão dos estereótipos culturais em expressões idiomáticas portuguesas e francesas” en *Textos Seleccionados, XXVI Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*, Lisboa, APL; 343-357. Universidade de Coimbra / Centro de Linguística da Universidade Nova de Lisboa1 Pós-Doutoramento FCT / Centro de Linguística da Universidade do Porto2.
- TILG Instituto da Lingua Galega. *Tesouro informatizado da lingua galega*. Creado e dirixido por Antón Santamarina. [<http://www.ti.usc.es/tilg/>].
- VAN HOOFF, Henri (1999): “Les noms de pays, de peuples et de lieux dans le langage imagé” en *Meta: journal des traducteurs / Meta: Translators' Journal*, 44, 2, Montréal: Les Presses de l'Université de Montréal; 312-370.
- VÁZQUEZ-MONXARDÍN, Afonso (2010): “O esvaecemento das xeografías imaxinarias” en *La Región*. [<http://www.laregion.es/opinion/9086/257/>]. [Data de consulta: 28.8.2010].
- VENTÍN DURÁN, José Augusto (1942-2007): *Fraseoloxía de Moscoso e outros materiais de tradición oral*. Edición crítica [dos manuscritos que deixou á súa morte en 1942] realizada por Xesús Ferro Ruibal, Raquel Rial Santos, Emma M^a Salgueiro Veiga, Ana Vidal Castiñeira e cunha nota biográfica de José Augusto Ventín Pereira. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades - Real Academia Galega. *Cadernos de Fraseoloxía Galega*. Anexo 1: 2007.

7.2. Bibliografía secundaria

- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso; SUÁREZ VÁZQUEZ, Damián e RODRÍGUEZ LORENZO, David (2010): “Unha aproximación ós ditados tópicos coruñeses nos materiais do ‘Diccionario geográfico popular de España’” en *El Extramundi* XVI/ 61, 2010; 149-164.
- (2010): “Unha aproximación ós ditados tópicos lugueses nos materiais do ‘Diccionario geográfico popular de España’” en *El Extramundi*, XVI/62, 2010;139-160, il. | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Instituto da Lingua Galega, Portal de ditados tópicos galegos, [2011], [http://ilg.usc.es/ditados/pdf_pages/extramundi_lug.pdf],
- (2010): “Unha aproximación ós ditados tópicos ourensáns nos materiais do ‘Diccionario geográfico popular de España’” en *El Extramundi*, XVI/63, 2010; 141-160, il. | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Instituto da Lingua Galega, Portal de ditados tópicos galegos, [2011], [http://ilg.usc.es/ditados/pdf_pages/extramundi_our.pdf],

- (2010): “Unha aproximación ós ditados tópicos pontevedreses nos materiais do ‘Diccionario geográfico popular de España’” en *El Extramundi*, XVI/64, 2010;139-162, il. | [Ed. en liña n.v.]: [Santiago de Compostela], Universidade de Santiago, Instituto da Lingua Galega, Portal de ditados tópicos galegos, [2011], [http://ilg.usc.es/ditados/pdf_pages/extramundi_pon.pdf].
- ÁLVAREZ PÉREZ, Xosé Afonso (dir.); RODRÍGUEZ LORENZO, David e SUÁREZ VÁZQUEZ, Damián (2011): *Portal de ditados tópicos galegos*. Ed. en liña [<http://ilg.usc.es/ditados/>]. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, Instituto da Lingua Galega, 2011.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé R. (2003): “Galicia e Castela: orixe, evolución e fracaso do mito anticastelán” en GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Helena e LAMA LÓPEZ, María Xesús (edits.) (2007): *Mulleres en Galicia [e] Galicia e os outros pobos da Península. Actas VII Congreso Internacional de Estudos Galegos*. Barcelona 28-31.5.2003. Sada: Edicións do Castro; 25-38.
- CARAMÉS MARTÍNEZ, J. (1993): *A imaxe de Galicia e os galegos na literatura castelá*. Vigo: Galaxia; 268 páx.
- CARO BAROJA, Julio (1957): *Razas, pueblos y linajes*. Madrid: Revista de Occidente; 358 páxs. // (1990) Murcia: Universidad de Murcia; 372 páxs.
- FEYJOO Y MONTENEGRO, Fr. Benito Jerónimo (1750): *Cartas eruditas, y curiosas, en que, por la mayor parte, se continúa el designio del Teatro critico universal, Impugnando, ó reduciendo á dudosas varias opiniones comunes / Escritas por el Mui Ilustre Señor D. Fr..* tomo terceiro (1750). Texto tomado da edición de Madrid 1774 (Imprenta Real de la Gazeta; tomo segundo (nueva impresión), páxs. 1-10. Edición dixital en [<http://www.filosofia.org/bjf/bjfc301.htm>]. [Data de consulta: 5.8.2013].
- FERRO RUIBAL, Xesús (2008): “Refraneiro de Grou (Lobios) recollido por Bieito Fernandes do Palheiro” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 10, 2008; 241-253.
- GONDAR PORTASANY, Marcial (1993): *Crítica da razón galega. Entre o nós-mesmos e o nós-outros*. Vigo: Edicións A Nosa Terra; 253 páxs.
- GRYGIERZEC, Wiktoria e FERRO RUIBAL, Xesús (2009): “Estereotipos na fraseoloxía: o caso galego-portugués” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 11, 2009, 81-111. [http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg11_04.pdf] [4.8.2013].
- HERRERO GARCÍA, Miguel (1922¹; 1966²): *Ideas de los españoles del siglo XVII*. Biblioteca Romanica Hispanica. II Estudios y Ensayos. Madrid: Gredos; 694 páxs.
- HORATIUS. *Quinti Horatii Flacci Epodon Liber*. [http://www.hs-augsburg.de/~harsch/Chronologia/Lsante01/Horatius/hor_en00.html].
- IGLESIAS OVEJERO Ángel e GIRAUD Françoise (2006): “Cuán necios y cornudos son los otros en El Rebollar y otras partes: ‘Portuguesis, Serranus’ y ‘Farinatus’ en el refranerillo xenófobo rebollano, extremeño y castellano” en *Cahiers du P.R.O.H.E.M.I.O.* 8, 2006; 363-400.

- IGLESIAS OVEJERO, Ángel (2013): *Blasones populares de Ciudad Rodrigo y su antiguo partido en prosa y verso. Nombres, sobrenombres, matracas, dichos, cantares y leyendas de la crónica oral*. Salamanca: Instituto de las Identidades. Diputación de Salamanca; 166 páxs.
- LUQUE, Juan de Dios, PAMIES, Antonio e MANJÓN, Fco. José (1997): *El arte del insulto. Estudio Lexicográfico*. Barcelona: Ediciones Península. Col Atalaya; 204 páxs.
- NEIRA VILAS, Xosé (2013): “Os carreiros de Angrois” en *El Correo Gallego* 8.9.2013 [<http://www.elcorreogallego.es/opinion/ecg/carreiros-angrois/idEdicion-2013-09-08/idNoticia-825450/>].
- OTERO PEDRAYO, Ramón (1964): *Guía de Galicia*. Galaxia, Vigo.
- PENSADO TOMÉ, J.L. (1985): *El Gallego, Galicia y los gallegos a través de los tiempos*. La Coruña: La Voz de Galicia; 365 páxs.
- (1991): *Galicia en su lengua y sus gentes*. La Coruña: La Voz de Galicia; 649 páxs.
- RUBINOS CONDE, Manuel (2013): “‘Da roda para a piola’: refráns e frases do sur de Galicia” en *Cadernos de Fraseoloxía Galega* 15, 2013, 487-502.
- SIMÕES MARQUES, Isabel e TELETIN, Andrea (2011): “Quando os portugueses se vêem gregos ou a questão dos estereótipos culturais em expressões idiomáticas portuguesas e francesas” en *Textos Seleccionados, XXVI Encontro da Associação Portuguesa de Linguística*, Lisboa, APL, 2011; 343-357.
- TABOADA CHIVITE, J (1954): “La descalificación de Galicia en la literatura y en el pueblo” en *Douro-Litoral* 7-8, 1954; 105-127.
- TEIJEIRO FUENTES: Miguel Ángel. “Galicia y los gallegos en la literatura española del Siglo de Oro” en *Scriptura* 11,1996; 203-246. [<http://www.raco.cat/index.php/Scriptura/article/viewFile/94748/142662>]. [4.8.2013].
- TERTULLIANUS, Q. SEPT. FLORUS : *Ad nationes libri duo*. (MIGNE. *Patrologia latina* 001). [http://www.documentacatholicaomnia.eu/02m/0160-0220,_Tertullianus,_Ad_Nationes,_MLT.pdf]. [Data de consulta: 1.8.2013].
- UGARTE I BALLESTER, Xus (2011): “Le bon vin d’Orleans, le punays lac de Sorbone et la mode de Bretagne: sociocentrisme lúdic i ambivalència als blasons populars del Pantagruel de Rabelais, amb mostres de versions en diferents llengües” en *Quaderns. Revista de traducció* 18, 2011, 165-177. [<http://www.raco.cat/index.php/QuadernsTraduccio/article/view/245283>]. [Data de consulta: 10.8.2013].